



BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT




A COR DO ESPAÇO

EXTERIOR

E OUTROS CONTOS SOBRENATURAIS



BIBLIOTECA HP. LOVECRAFT



A COR DO ESPAZO
EXTERIOR
E OUTROS CONTOS SOBRENATURAIS

A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,
recomendamos o [Pocketbook reader](#).

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámosnos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas

útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCCIÓN

Este limiar é, como quen di, unha primeira despedida desta colección. Lembrará o noso prezado lector (e se non non haberá problema en lembrarllo), que o noso «magno plan» foi desde o comezo publicar unha colección de catorce volumes. Este é o número trece, polo que vai ser un libro dobremente simbólico.

A estas alturas non será preciso explicar o simbolismo do número trece dentro do mundo do terror, así que pasaremos directamente ao segundo e menos obvio motivo do gran simbolismo deste volume: esta é a derradeira escolma de relatos da colección, pois o número 14, que fechará o ciclo, conterá nada máis que o habitual limiar e a novela *O caso de Charles Dexter Ward*.

Por tanto, non resulta completamente doado escribir estas liñas introdutorias. E non se confunda quen as estea lendo. Non son bágoas de nostalxia as que anubran os ollos de quen asina. O motivo da dificultade é ben máis prosaico: como bos seguidores de Lovecraft, os editores de Urco somos grandes amantes do caos e, como tales, decidimos deixar o difícil sempre para o final.

Mentres todas as escolmas de relatos breves que editamos anteriormente na colección mantiñan un fío condutor claro, baseado ben nunha temática homoxénea, ben nun período de composición (agás o volume primeiro, no que se toma unha «mostra» variada para dar unha idea de conxunto), neste último conviven dous criterios. O primeiro é de tipo temporal: como continuación do volume 12 recóllense relatos escritos entre 1925 e 1927. O segundo, moito máis esvaído e difícil de

defender, pois consiste en recoller «mostras» doutra clase de narracións marxinais. Pero que son estas «narracións marxinais» e por que son só «mostras»?

A obra de Lovecraft, como a de moitas outras persoas dedicadas ás artes e ás letras, é moi complexa. Non estamos a falar dun autor que desenvolvese a súa carreira nun sistema literario moderno, adscrito a unha ou dúas editoras ao longo da súa vida, e que publicase un conxunto aceptábel de obras de maior ou menor éxito comercial. Lembremos que entre os anos 20 e 30 do século XX, para vivir da escrita nos E.U.A. era preciso realizar toda clase de malabarismos literarios e persoais. Se a isto lle sumamos o afán de perfeccionismo literario que aboiou sempre sobre o Solitario e mais a súa inmensa produción epistolar, temos como resultado un corpus multiforme e moi difícil de editar.

Daquela, debemos confesar que esta colección da narrativa completa en catorce volumes non é exactamente unha «narrativa completa», pois faltan cousas que foron omitidas por razóns que consideramos de peso.

Por unha banda, hai un conxunto de escritos de xuventude dos que se conserva pouco, pois o propio autor fixo o posíbel porque desaparecesen. Despois, está tamén o conxunto de relatos que escribiu como *ghost writer* ou «negro literario» (quedemos para sempre, por favor, co termo anglosaxón), dos que destacan os asinados por Harry Houdini. Hai outra clase de escritos marxinais formados por relatos satíricos ou humorísticos escritos por encarga ou como xogo, que consideramos excesivamente excéntricos para incluír nesta colección. E fóra de estes grupos, está esa vastísima colección de cartas, das que chegaron a nós

por volta das 10.000 pero das que se estima que escribiu máis de 100.000, e nas que moi a miúdo escoaba relatos breves, soños, resumos ou ideas.

As últimas pezas desta antoloxía forman parte deste conxunto de obras marxinais que decidimos introducir de maneira anecdótica para ilustrar que a obra de H.P. Lovecraft é aínda moito máis extensa do que podemos mostrar, e que aínda existe e existirá sempre «misterio» nas súas letras.

Abre este volume XIII o relato *In the Vault*, escrito no outono de 1925 e publicado na revista *Tryout*, unha publicación para afeccionados. Trátase dun relato macabro en toda regra cun certo punto «noxento», que tanto gusta agora pero que provocou que fose rexeitado por *Weird Tales* por medo á censura, onde encontrou un lugar en 1931, cando Lovecraft xa era toda unha personalidade nesta revista.

De sorte semellante a *In the Vault* en canto á súa publicación en *Weird Tales*, *Cool Air* reflexa dun xeito maxistral ese medo á gran cidade e ás vellas pensións baratas onde «calquera» pode ser o teu veciño. Farnsworth Wright rexeitouna tamén por medo á censura, aínda que coñecida era a sona de «errático» do vello editor de *W.T.*.

Pickman's Model, de 1926 é un relato que traza unha interesante ponte coa novela *The Dream-Quest of Unknown Kadath* (volume VIII desta colección), presentando a Richard Upton Pickman, un pintor tocado pola xenialidade pero cun amor excesivo polo grotesco. Na novela protagonizada por Randolph Carter este Pickman aparecerá xa no mundo do soño, transformado nun noxento ghoull comedor de prea. O relato escribiuse en setembro de 1926 e publicouse no número de outubro de 1927 da revista *Weird Tales*. Hai que reiterar esa faceta «errática» de Farnsworth Wright, pois *O modelo de Pickman* contén

imaxes moitísimo máis perturbadoras que os anteriores relatos e, no entanto, encontrou lugar en *Weird Tales* sen maiores atrancos.

The Color out of Space é para moitos a mellor peza de H.P. Lovecraft. Quen asina este limiar non pode facer unha afirmación tan grande, pero cando menos si colocala entre as cinco ou dez mellores. Debido á súa temática máis achegada á ciencia ficción que ao terror sobrenatural, publicouse na revista *Amazing Stories*, dirixida nesa altura por Hugo Gernsback, quen pagou unha suma ridícula a Lovecraft polo escrito (25 dólares da época, que ao troco actual serían uns 300 euros). E quizais un dos relatos do Solitario máis levados ao cinema, curiosamente cando no texto non se deixa de repetir que esa «cor» chegada do espazo exterior é imposíbel de definir, pois está fóra do espectro habitual.

The Descendant é un fragmento de 1927 que non chegou a ver a luz até 1938, despois da morte de Lovecraft. Igual que outros relatos, este vira arredor dun ancián misterioso que garda un gran segredo familiar.

The Very Old Folk é, en realidade, un soño inserido nunha carta, que foi enviada a Donald Wandrei o 3 de novembro de 1927. Existen outras versións da mesma historia, tamén relatadas noutras cartas. Este relato onírico da noite de samaín está ambientado en época romana, nos confíns setentrionais do Imperio, preto do muro de Hadriano. A ambientación, a existencia desa «xente moi vella» nas montañas e o ambiente militar opresivo lembran por momentos a moitos relatos de Robert E. Howard, moi dado a escribir sobre impías antigüidades británicas.

History of the Necronomicon é un ensaio moi breve que relata a historia do libro prohibido máis famoso da historia da literatura. Os datos que achega foron aparecendo aquí e acolá en distintos relatos tanto de Lovecraft como dos seus discípulos. Porén, este texto, que

conta cunha cronoloxía ao final, resume todo o que sabemos sobre o aborrecido códice e serve dalgún xeito como «manual» de escritor, de cara a non trabucarse se se quere citar.

The Evil Clergyman, igual que *The Very Old Folk* é outro soño. Lembremos que Lovecraft debía de ter soños moi vívidos, pois moitos dos seus relatos e temas están inspirados neles. Malia que cunha estrutura de relato fechado, con final efectista, o desenvolvemento é claramente onírico, con imaxes que por momentos tocan o absurdo. Igual que outros relatos soñados, enviouno a un dos seus correspondentes, Bernard Austin Dwyer (esvaradío autor de *Weird Tales*) en 1933 e non chegou a publicarse nesa mesma revista até despois da morte de Lovecraft.

Para fechar este volume, só queda por dicir que estamos ante un conxunto de pezas estraño pero a un tempo fascinante, que conta con algunhas das máis aclamadas historias de Lovecraft así como con textos marxinais que, non por iso, son menos interesantes. Agardamos, prezado lector ou lectora, que goces coa súa lectura e que cando menos os teus soños non sexan tan arrepiantes como os do Solitario de Providence.

Tomás González Ahola

NA CRIPTA

[O relato *In the Vault* escribiuse o 18 de setembro de 1925 e publicouse pola primeira vez no número de novembro da revista *Tryout*]

Non hai nada máis absurdo, na miña opinión, que esa asociación habitual entre o cómodo e o saudábel, que parece encher a psicoloxía das masas. Fale vostede dunha paraxe americana bucólica, un enterrador de aldea gordo e vulgar e un contratempo prosaico nunha tumba, e ningún lector agardará outra cousa que un relato absurdo, divertido pero grotesco.

Porén, Deus sabe que a morte de George Birch me permite relatar certos elementos que fan que a máis escura das comedias resulte luminosa. Birch quedou impedido e cambiou de negocio en 1881, aínda que nunca falaba do temo se podía evitalo. Tampouco o facía o seu vello médico, o doutor Davis, que morreu hai anos. Acéptase polo xeral que a súa enfermidade foi resultado dun desafortunado esvarón polo que Birch quedou encerrado durante nove horas no cemiterio de Peck Valley, do que conseguiu saír só mediante a forza bruta. Mais mentres que isto é unha verdade da que ninguén dubida, había outros aspectos

máis escuros sobre os que o home adoitaba murmurar nos seus delirios de borracho, pouco antes de morrer. Confiou en min porque eu era médico e porque probabelmente sentía a necesidade de falar con alguén logo da morte de Davis, pois era solteiro e non tiña parente ningún.

Birch, antes de 1881, era o enterrador do municipio de Peck Valley, un tipo primitivo e pailán, mesmo para esa profesión. O que puideron escoitar sobre os seus métodos resulta incríbel, cando menos para unha cidade, e mesmo Peck Valley arreguizouse ao coñecer a dubidosa ética das súas artes mortuorias en cuestións como o apropiarse dos veludos, invisíbeis baixo a tapa do cadaleito, ou o grao de dignidade que daba ao dispor e adaptar os membros non visíbeis dos seus inquilinos sen vida a uns recipientes non sempre calculados con exactitude. Máis directamente, Birch era lacazán, insensíbel e un indesexábel no traballo, aínda que non creo que fose mala persoa. Simplemente era de carácter basto, brután, descoidado e borrachón, e así o probaba a súa innata inclinación aos accidentes e a súa carencia deses mínimos síntomas de lucidez que manteñen o cidadán medio dentro de certos límites fixados polo bo gusto.

Non sabería afirmar cando comeza a historia de Birch, xa que non son un experto en contar historias. Supoño que pode empezar no frío decembro de 1880, cando o terreo se xeou e os sepultureiros descubriron que non podían cavar máis tumbas até a primavera. Por fortuna, a aldea era pequena e as mortes poucas, polo que foi posíbel dar a todos os falecidos un paraíso temporal no sinxelo e arcaico mortuorio. O enterrador volveuse dobremente preguiceiro con aquel tempo amargo e pareceu superarse no seu habitual descoido. Nunca colocara xuntos tantos cadaleitos frouxos e febles, nunca abandonara tanto o

coidado do enferruxado ferrollo da porta do mortuorio, que abría e pechaba a patadas, co maior dos abandonos.

Á fin chegou o desxeo da primavera e as tumbas foron habilitadas para os nove silandeiros clientes do espantoso enterrador. Birch, aínda laiándose por ter que cavar e enterrar, comezou a trasladalos unha abúlica mañá de abril, pero detívose logo de depositar a un dos inquilinos no seu eterno descanso, por culpa dun forte ballón que pareceu irritar o seu cabalo. O cadáver era o de Darius Park, nonaxenario, cuxa tumba non estaba lonxe do mortuorio. Birch decidiu que no día seguinte empezaría co vello Matthew Fenner, cuxa tumba tamén se atopaba preto, pero a verdade é que suspendeu o asunto por tres días, e non volveu ao choio até o día 15, Venres Santo. Ao non ser supersticioso, non se fixou na data, aínda que logo do que pasou negouse sempre a facer algo de importancia nese fatídico quinto día da semana. Abofé, os acontecementos daquela noite cambiaron por completo o seu espírito.

A tarde do 15 de abril, un venres, Birch foi até á tumba con cabalo e carro, disposto a trasladar o corpo de Matthew Fenner. El admite que non estaba completamente lúcido, aínda que naquela altura non se daba tanto á bebida como o faría máis tarde, para tentar esquecer. Estaba só, mareado e descoidado, amolando o cabalo, turrándolle das rendas xunto ao mortuorio, polo que este rinchou, soprou e moveuse nervioso, tal como o fixera a ocasión anterior, cando o molestara a chuvia. O día estaba claro, mais levantárase unha forte ventada e Birch alegrouse de contar con refuxio mentres corría o ferrollo e entraba no vestíbulo da cripta. Ningún outro podería aturar a húmida e fedorenta estancia, cos oito cadaleitos descoidadamente colocados, mais Birch, naqueles días, era insensíbel e só coidaba de pór o cadaleito correcto na tumba

correspondente. Non esquecera as críticas que expresaran os parentes de Hannah Bixby cando, logo do seu desexo de transportar o corpo da finada ao cemiterio da cidade á que se mudaran, atoparon na caixa o xuíz Capwell, baixo a súa lápida.

A luz era tenue, pero a vista de Birch era boa e non colleu por erro o cadaleito de Asaph Sawyer, malia ser moi similar. De feito, fabricara aquel caixón para Matthew Fenner, pero deixouno ao carón, por ser demasiado basto e feble, nun raptó de curioso sentimentalismo provocado polo recordo do amábel e xeneroso fora con el o pequeno ancián durante a súa bancarrota, cinco anos antes. Dera ao vello Matt o mellor que a súa habilidade podía crear, pero fora ruín dabondo como para gardarse o exemplar refugado e usalo cando Asaph Sawyer morreu de febres malignas. Sawyer non era un home amábel e contábanse moitas historias sobre o seu case inhumano temperamento vingativo e a súa memoria para ofensas reais ou imaxiadas. Con el Birch non sentiu remorsos cando lle asignou o escangallado cadaleito que agora apartaba do seu camiño, buscando a caixa de Fenner.

Foi xusto ao recoñecer o cadaleito do vello Matt cando a porta se fechou dun golpe, azoutada polo vento, deixándoo nun lusquefúsque aínda máis profundo que o de antes. A estreita ventaiña do teito permitía só o paso dos máis febles raios e o respiradoiro sobre a súa cabeza ningún, así que se viu obrigado a un profano apalpar mentres facía un sinuoso camiño entre as caixas, rumbo ao ferrollo. Nesa penumbra fúnebre mexeu o balorecido pomo, empurrou os ferros e preguntouse por que o enorme portón se volvera repentinamente tan aterrecedor. Nese crepúsculo, ademais, comezou a comprender a verdade e berrou en voz alta, mentres o seu cabalo, no exterior, non puido máis que darlle unha réplica, aínda que pouco amigábel. Porque o

ferrollo tanto tempo descoidado rompeu sen dúbida, deixando o descoidado enterrador atrapado na cripta, vítima do seu propio desleixo.

Aquilo debeu de acontecer contra as tres e media da tarde. Birch, sendo de temperamento flegmático e práctico, non berrou, senón que procedeu a buscar algunhas ferramentas que lembraba ver nunha esquina da sala. É dubidoso que sentise todo o horror e o espantoso da súa posición, pero o simple feito de verse atrapado tan lonxe dos camiños transitados polos seres humanos era abondo para desesperalo por completo. O seu traballo diúrno viuse tristemente interrompido e a non ser que a sorte levase naqueles momentos algún camiñante até as proximidades, debería quedar alí toda a noite ou máis tempo aínda. Axiña apareceron a chea de ferramentas e, seleccionando martelo e cisel, Birch regresou entre os cadaleitos até a porta. O aire comezara a ser excesivamente pesado, mais reparou neste detalle mentres se puña ao choio, medio ás apalpadelas, contra o pesado e roído metal do ferrollo. Daría o que fose por ter unha lanterna ou un cabo de candeia, pero, carecía de ambas as dúas cousas.

Cando se asegurou de que o ferrollo estaba bloqueado, cando menos para ferramentas tan rústicas e baixo tales condicións de iluminación, Birch buscou outra forma de fuxir. A cripta fora escavada nunha aba, polo que o delgado túnel de ventilación do teito corría a través dalgúns metros de terra, facendo que esta dirección fose inútil de considerar. Sobre a porta, no entanto, a ventá alta e en forma de fenda, situada na fachada de tixolo, deixaba pensar que podería ser ensanchada por un traballador dilixente, por iso é polo que os seus ollos demoraron un bo anaco no lugar mentres espremía os miolos buscando métodos de fuxida. Non había nada semellante a unha escaleira naquela tumba e os

nichos para cadaleitos situados aos lados e o fondo, que Birch apenas se molestaba en utilizar, non permitían rubir até enriba da porta. Só os mesmos cadaleitos quedaban como potenciais banzos e, mentres consideraba aquilo, especulou sobre a mellor maneira de colocalos. Tres cadaleitos de altura, supuxo, permitirían alcanzar a xanela, pero faríao mellor con catro. Mentres o planeaba, non puido menos que desexar que as unidades da súa planeada escaleira fosen firmes. Que tivese imaxinación dabondo como para desexar que estivesen baleiras, xa era outro cantar.

Decidiu colocar unha base de tres, paralelos ao muro, para pór sobre eles dous pisos de dous e, encima destes, un só que serviría de plataforma. Tal estrutura permitiría o ascenso cun mínimo de problemas e daría a desexada altura. Aínda mellor, pensou, podería utilizar só dúas caixas de base para soportar todo, deixando unha libre, que podería ser colocada no alto en caso de que tal forma de escape necesitase aínda maior altitude. E, desta maneira, o prisioneiro esforzouse naquel crepúsculo, desprazando os inertes restos de mortalidade sen a menor cerimonia, mentres a súa Torre de Babel en miniatura ía ascendendo piso a piso. Algúns dos cadaleitos comezaron a rachar baixo o esforzo do ascenso e el decidiu deixar o solidamente construído cadaleito do pequeno Matthew Fenner para a cúspide, de maneira que os seus pés tivesen unha superficie o máis sólida que puidese. Na escasa luz había que confiar ante todo no tacto para seleccionar a caixa axeitada e, de feito, atopouna por accidente, xa que chegou ás súas mans como a través dalgunha estraña vontade oculta, despois de colocala sen se decatarse xunto a outra no terceiro piso.

Á fin a torre estivo acabada e os seus brazos descansaron un intre, durante o que sentou no último banzo da súa terríbel estada. Logo,

Birch ascendeu con tino coas súas ferramentas e detívose fronte á estreita xanela. Os bordos eran de tixolo e había poucas dúbidas de que, cuns poucos golpes de cicel, se abriría dabondo como para permitir o paso do seu corpo. Mentres comezaba a bater co martelo, o cabalo, fóra, rinchaba nun ton que podería ser tanto de alento como de mofa. Calquera dos dous supostos sería apropiado, xa que a inesperada tenacidade da albanelaría, doada a primeira vista, resultaba sen dúbida ilustrativa da vaidade dos anhelos dos mortais, alén de motivo dunha tarefa cuxa execución necesitaba cada estímulo posíbel.

O solpor atopou a Birch aínda choiando. Traballaba agora guiado polo tacto, xa que novas nubes cubriran a lúa e, aínda que os progresos eran aínda lentos, sentíase inflamado polos seus avances no alto e o baixo da abertura. Estaba seguro de que podería tela lista a media noite, aínda que era unha característica súa que isto non contivese para el implicacións temíbeis. Alíe a opresivas reflexións sobre a hora, o lugar e a compañía que tiña baixo os seus pés, esnaquizaba tranquilo o muro de tixolo, maldicindo cando o alcanzaba un fragmento no rostro, e rindo cando algún daba no cada vez máis excitado cabalo que piafaba preto do ciprés. Ao final, o buraco foi grande abondo como para tentar pasar o corpo por el. Daquela moveuse até que os cadaleitos se mexeron e renxeron baixo os seus pés. Descubriu que non necesitaba amorear outro para conseguir a altura acaída, xa que o buraco estaba exactamente no nivel apropiado, sendo posíbel usalo axiña que como o tamaño así o permitise.

Debía ser xa media noite cando Birch decidiu que podía atravesar o oco. Canso e suando, malia os moitos descansos, baixou ao chan e sentou un momento na caixa do fondo a tomar forzas para o esforzo final de arrastrarse e saltar ao exterior. O famento cabalo estaba

rinchando sen parar e de maneira estraña, e el sentiu un vago desexo de que parase. Sentíase curiosamente abatido pola súa inminente escapatoria e case espantado de tentalo, xa que o seu físico tiña a indolente corpulencia da temperá media idade. Mentres ascendía polos estralados cadaleitos sentiu con intensidade o seu peso, especialmente cando, logo de chegar ao de máis arriba, escoitou ese agravado renxer que presaxiaba a fractura total da madeira. Polo visto planificara en balde elixir o máis sólido dos cadaleitos para a plataforma, xa que, apenas apoiou todo o seu peso de novo sobre esa tapa podredida, esta cedeu, afundíndoo medio metro sobre algo que non quería nin imaxinar. Louco polo son ou polo fedor que se ceibou ao ar libre, o cabalo lanzou un berro demasiado frenético para ser un rincho, e lanzouse enlouquecido a través da noite, coa carreta resoando tras del.

Birch, nesa espantosa situación, atopábase agora demasiado abaixo para un fácil ascenso á abertura agrandada, pero acumulou enerxías para un intento. Agarrando os bordos do oco tentou levantarse cando notou un estraño impedimento en forma dunha especie de tirón nos seus dous nocellos. Decontado sentiu medo por primeira vez na noite, xa que, aínda que loitaba, non conseguía zafarse do descoñecido apertón que facía presa dos seus nocellos. Doras terribes, como de feridas terribes, laceráronlle as coxas, e na súa mente produciuse un remuíño de espanto mesturado cun inamovíbel materialismo que suxería achas, cravos soltos e similares, propios dunha caixa de madeira rota. Quizais gritou. E en todo momento batuxaba e debatíase frenética e case automaticamente mentres a súa conciencia case se eclipsaba nun medio desmaio.

O instinto guiou o seu esvarar a través do oco e, no arrastrar que seguiu, caeu cun golpe sobre o terreo húmido. Polo visto non podía

camiñar e a emerxente lúa debeu de presenciar unha visión aterrecedora mentres el arrastraba os seus sanguentos nocellos cara á garita da portaría do cemiterio. Os dedos afundíndose na negra terra, apurando sen pensar, e o corpo respondendo con esa lentitude que se sofre cando un é perseguido polos fantasmas do pesadelo. No entanto, era evidente que non había perseguidor ningún, xa que se atopaba só e vivo cando Armington, o garda, respondeu ás súas febles rabuñadas na porta.

Armington axudou a Birch a chegar a unha cama e enviou o seu fillo pequeno, Edwin, na procura do doutor Davis. O ferido estaba plenamente consciente, pero non puido dicir nada coherente, senón simplemente murmurar: «Ah, os meus nocellos!» «Déixame» ou «Encerrado na tumba». Logo chegou o doutor co seu maletín, fixo algunhas preguntas concisas e quitou ao paciente a roupa, os zapatos e os calcetíns. As feridas, xa que ambos os nocellos estaban espantosamente rabuñados arredor dos tendóns de Aquiles, pareceron desconcertar excesivamente o vello médico e, por último, case espantalo. O seu interrogatorio fíxose máis que tenso e as súas mans tremían ao curar os membros danados, vendándoos como se desexase perder de vista as feridas canto antes.

Sendo, como era Davis, un doutor frío e impersoal, o ominoso e espantoso interrogatorio resultou moi estraño, tentando arrincar ao fatigado enterrador cada mínimo detalle da súa experiencia arrepiante. Atopábase tremendamente ansioso de saber se Birch estaba seguro, absolutamente seguro, de que se trataba do cadaleito de Fenner e de como distinguira este do duplicado de inferior calidade do ruín de Asaph Sawyer. Podería a sólida caixa de Fenner ceder tan facilmente? Davis, un profesional con longa experiencia na vila, estivera en ambos os funerais, á parte de atender a Fenner como a Sawyer na súa última

enfermidade. Mesmo se preguntou, no funeral deste último, como o vingativo granxeiro podería caber nunha caixa tan acorde ao diminuto Fenner.

Davis marchou pasadas dúas horas longas, urxindo a Birch a insistir en todo momento que as súas feridas eran produto de cravos soltos e madeira estalada. Que máis, engadiu, podería probarse ou creerse en calquera caso? Pero faría ben en dicir tan pouco como puidese e en non deixar que outro médico tratase as súas feridas. Birch tivo en conta tal recomendación o resto da súa vida, até que me contou a historia, e cando vin as cicatrices, antigas e esvaídas como eran, convín en que obrara de maneira xuízosa. Quedou coxo para sempre, porque os grandes tendóns resultaron danados, pero creo que maior foi a coxeira do seu espírito. A súa forma de pensar, noutro tempo flegmática e lóxica, estaba indelebelmente afectada e resultaba penoso notar a súa resposta a certas alusións fortuítas como «venres», «tumba», «cadaleito», e palabras de menos obvia relación. O seu espantado cabalo volvera á casa, pero o seu enxeño nunca o fixo. Cambiou de traballo, pero sempre andou como preocupado por algo. Podía ser só medo, ou medo mesturado cunha estraña e tardía clase de remorso polas antigas atrocidades cometidas. A bebida, claro, só agravou o que trataba de aliviar.

Cando o doutor Davis deixou a Birch esa noite colleu unha lanterna e foi ao vello mortuorio. A lúa brillaba nos anacos de tixolo rotos e na roída fachada, así como no picaporte da gran porta, lista para abrirse cun toque desde o exterior. Fortificado pola súa experiencia en antigas salas de disección, o doutor entrou e mirou arredor, contendo a náusea corporal e espiritual ante todo o que tiña ante a vista e o olfacto. Gritou unha vez e logo boquexou que era máis terrible que calquera

berro. Despois fuxiu á casa e rompeu as regras da súa profesión alzando e sacudindo o seu paciente, murmurándolle cousas arrepiantes que punzaron nos seus ouvidos como o seseo do vitriolo.

—Era o cadaleito de Asaph, Birch, tal como pensaba! Coñezo os seus dentes, con esa falta de incisivos superiores... Nunca, por deus, mostre esas feridas! O corpo estaba bastante corrompido, pero se algunha vez vin un rostro vingativo... ou o que foi un rostro... xa sabe que era como un demo vingativo... como arruinou o vello Raymond trinta anos despois do seu preito de lindes, e como pateou o canciño que quixo trabarlle o agosto pasado... Era o demo encarnado, Birch, e coido que o seu afán de desquite pode vencer a mesma Nai Morte. Meu Deus, que rabia! Non quero nin pensar en que se fixou en min!

»Por que o fixo, Birch? Era un canalla, e non lle reprocho que lle dese un cadaleito de segunda, pero foi demasiado lonxe! Bastante tiña con apertalo no interior, pero vostede sabía o pequeno de corpo que era o vello Fenner.

»Nunca poderei borrar esa imaxe dos meus ollos mentres viva. Vostede debeu de batuxar ben forte cos pés, porque o cadaleito de Asaph estaba no chan. A súa cabeza rompeu e todo estaba espallado. Mira que vin cousas, pero iso foi demasiado. Ollo por ollo! Meu Deus, Birch, vostede buscouno. A caveira revolveume o estómago, pero o outro era peor... Eses nocellos serrados para facerlle caber no cadaleito refugado de Matt Fenner!



AR FRÍO

[*Cool Air* escribiuse en marzo de 1926 e publicouse no número de marzo de 1928 da revista *Tales of Magic and Mystery*.]

Pídenme que explique por que temo as correntes de ar frío, por que tremo máis que outros ao entrar nun cuarto no que vai fresco.

Parece como se sentise náuseas e noxo cando o vento fresco do serán penetra entre a calorosa atmosfera dun apracíbel día de outono. Segundo algúns, reacciono fronte ao frío como outros o fan fronte aos malos cheiros, impresión que non negarei. O que farei é referir o caso máis horríbel que me aconteceu, para que vostedes xulguen en consecuencia se constitúe ou non unha explicación razoábel desta particularidade.

É unha equivocación crer que o horror se asocia intimamente coa escuridade, o silencio e a soidade. Eu sentino en plena tarde, en pleno trafego da grande urbe e no medio do bulicio propio dunha escangallada e modesta pensión, en compañía dunha patroa como outra calquera e dous homes rexos. Na primavera de 1923 conseguira un traballo rutineiro e mal pago nunha revista da cidade de Nova York e ao me ver

imposibilitado para pagar un alugueiro, mudeime dunha pensión barata a outra que reunise as calidades mínimas de limpeza, un mobiliario decente e un prezo o máis baixo posíbel. Axiña comprobei que non quedaba máis remedio que elixir entre solucións malas, pero tras algún tempo dei cunha casa situada en na rúa Catorce Oeste que me desagradou bastante menos que as outras en que me aloxara até entón.

O lugar en cuestión era unha mansión de pedra avermellada de catro pisos, que debía de datar de finais da década de 1840, e provista de mármore, cuxo enferruxado e descolorido esplendor era mostra da exquisita opulencia que debiera de ter noutras épocas. Nos cuartos, amplos e de teito alto, empapelados co peor gusto, había un persistente cheiro a humidade e a unha comida dubidosa. Pero os chans estaban limpos, a roupa de cama podía pasar e a auga quente apenas se cortaba ou arrefriaba, de forma que cheguei a consideralo como un lugar cando menos soportábel para hibernar até o día en que puidese volver vivir de verdade. A señora da casa, unha desaliñada e case barbuda muller española apelidada Herrero, non me importunaba con rumores nin se queixaba cando deixaba acendida a luz até altas horas no vestíbulo do meu terceiro andar; e os meus compañeiros de pensión eran tan pacíficos e pouco comunicativos como desexaba, tipos bastos, españois na súa meirande parte, apenas co menor grao de educación. Só o estrépito dos coches que circulaban pola rúa constituía unha auténtica molestia.

Levaría alí unhas tres semanas cando se produciu o primeiro estraño incidente. Unha noite, a iso das oito, ouvín como se caesen pingas no chan e de súpeto advertín que levaba un intre respirando o peculiar cheiro acre do amoníaco. Logo de botar unha mirada arredor, vin que o teito estaba húmido e pingaba. A humidade procedía, polo

visto, dun ángulo da fachada que daba á rúa. Desexoso de cortala na súa orixe, dirixinme apresuradamente á planta baixa para dicirllo á patroa, quen me asegurou que o problema se solucionaría decontado.

—O doutor Muñoz —dixo en voz alta mentres corría escaleiras arriba diante de min—, debeu de derramar algún produto químico. Está demasiado enfermo para coidar de si mesmo, cada día que pasa está máis enfermo, pero non quere que ninguén coide del. Ten unha enfermidade moi estraña. Todo o día pásao tomando baños dun cheiro espantoso e non pode excitarse nin acalorarse. El mesmo fai a limpeza. O seu cuarto está ateigado de botellas e de máquinas, e non exerce xa de médico, malia que noutros tempos foi famoso. O meu pai ouviu falar del en Barcelona, e non hai moito curoulle ao fontaneiro un brazo que se feriu nun accidente. Xamais sae. Todo o máis déixase ver algunha vez na terraza. O meu fillo Esteban lévalle a comida, a roupa limpa, os medicamentos e os preparados químicos. Meu Deus, hai que ver o sal de amoníaco que gasta ese home para estar sempre fresco!

O señora Herrero desapareceu pola escaleira, e eu volví ao cuarto. O amoníaco deixou de pingar e, mentres limpaba o que caera e abría a xanela para que entrase o ar, ouvín arriba os pasos da patroa. Nunca ouvira falar o doutor Muñoz, fóra de certos sons que parecían máis ben propios dun motor de gasolina. O seu andar era calmo e apenas perceptíbel. Por uns instantes pregunteime que estraña doenza podía ter aquel home e se a súa obstinada negativa a calquera auxilio proveniente do exterior non sería máis que o resultado dunha extravagancia sen fundamento aparente. Hai, ocorréuseme pensar, un tremendo *páthos* no estado daquelas persoas que nalgún momento da súa vida ocuparon unha posición alta e acabaron perdéndoa.

Talvez non coñecería nunca o doutor Muñoz, de non ser polo ataque ao corazón que de súpeto sufrín unha mañá mentres escribía no meu cuarto. Os médicos advertíranme do perigo que corría se me daban tales ataques e sabía que non había tempo que perder. Daquela, lembrando o que a patroa dixerá sobre os coidados prestados por aquel enfermo ao obreiro ferido, arrastreime como puiden até o andar superior e chamei debilmente á porta. Os meus golpes foron contestados en bo inglés por unha estraña voz, situada a certa distancia á dereita da porta, que preguntou cal era o meu nome e o obxecto da miña visita. Aclarados ambos os puntos, abriuse a porta contigua á que eu chamara.

Un sopro de ar frío saíu a recibirme a maneira de saúdo e aínda que era un deses días calorosos de finais de xuño, púxenme a tremer ao cruzar o limiar dun amplo cuarto, cuxa elegante decoración me sorprendeu. Unha cama encartábel dfacía agora o seu diúrno papel de sofá, e os mobles de caoba, luxosas cortinas, antigos cadros e vellos andeis facían pensar máis no estudio dun señor de boa familia que no cuarto dunha casa de hóspedes. Puiden ver que o vestíbulo que había encima do meu, cheo de botellas e máquinas ás que se referira a dona, non era senón o laboratorio do doutor, e que a estancia principal era a espazosa peza contigua a esta, cuxos confortábeis nichos e amplo cuarto de baño lle permitían ocultar todos os aparadores e molestos enxeños. O doutor Muñoz, non cabía dúbida, era todo un cabaleiro culto e refinado.

A figura que tiña ante min era de estatura baixa pero extraordinariamente ben proporcionada, e levaba un traxe formal. Un rostro de faccións nobres, de expresión firme aínda que non arrogante, adornada por unha barba ben recortada de cor gris metálico, e uns

anticuados lentes que protexían uns escuros e grandes ollos coroando un nariz ganchudo, conferían un toque lixeiramente árabe a unha fisionomía polo demais predominante celtibérica. O abundante e ben cortado pelo, que era proba de puntuais visitas ao barbeiro, estaba dividido con graza por unha raia encima da fronte respectábel. O seu aspecto xeral suxería unha intelixencia fóra do común e unha crianza e educación excelentes.

No entanto, ao ver o doutor Muñoz no medio daquel ar frío, sentín unha repugnancia que nada no seu aspecto podía xustificar. Só a palidez da súa pel e a extrema frialdade do seu tacto poderían proporcionar un fundamento físico para semellante sensación, e mesmo ambos os defectos eran escusables tendo en conta a enfermidade que padecía aquel home. A miña impresión puido deberse a aquel estraño frío, pois non tiña nada de normal nun día tan caloroso, e o anormal sempre esperta o noxo, a desconfianza e o medo.

Pero a repugnancia cedeu ante a admiración, pois as extraordinarios dotes daquel singular médico puxéronse ao momento de manifesto a pesar daquelas xeadas e trémulas mans polas que parecía non circular sangue. Abondoulle unha mirada para saber o que me pasaba, sendo os seus auxilios dunha destreza maxistral. Ao tempo, tranquilizábame cunha voz finamente modulada, aínda que oca e carente de todo timbre, dicíndome que el era o máis implacábel inimigo da morte, e que gastara a súa fortuna persoal e perdera a todos os seus amigos por dedicarse toda a súa vida a estraños experimentos para achar a forma de deter e extirpar a morte. Algo de benevolente fanatismo parecía advertirse naquel home, mentres seguía falando nun ton case locuaz á vez que me auscultaba o peito e mesturaba as drogas que collera da pequena alcoba destinada a laboratorio até conseguir a dose debida.

Evidentemente, a compañía dun home educado debeu parecerlle unha rara novidade naquel antro miserento, por iso se lanzara a falar máis do normal a medida que rememoraba tempos mellores.

A súa voz tiña un efecto sedante e nin sequera puiden percibir a súa respiración mentres as fluídas frases saían con exquisito esmero da súa boca. Tratou de distraerme das miñas preocupacións falándome das súas teorías e experimentos, e recordo con que tacto me consolou sobre o meu fráxil corazón, insistindo en que a vontade e a conciencia son máis fortes que a vida orgánica. Decía que se lograba manterse saudábel e en bo estado o corpo, podía, mediante a ciencia da vontade e a conciencia, conservar unha especie de vida nerviosa, calquera que fosen os graves defectos, diminucións ou mesmo ausencias de órganos específicos que se sufrisen. Algún día, díxome medio de broma, ensinaríame como vivir, ou cando menos como levar unha certa existencia consciente sen corazón! Pola súa banda, sufría dunha serie de doenzas que o obrigaban a seguir un réxime moi estrito, que incluía a necesidade de estar exposto constantemente ao frío. Calquera aumento apreciable da temperatura podía, en caso de prolongarse, afectarlle fatalmente; e lograra manter o frío que reinaba na súa estancia, duns 11 a 12 graos, grazas a un sistema absorbente de arrefriado por amoníaco, cuxas bombas eran accionadas polo motor de gasolina que con tanta frecuencia ouvía desde o meu cuarto situado xusto debaixo.

Recuperado do ataque nun tempo extraordinariamente breve, saín daquel lugar xeado convertido en fervente discípulo e devoto do xenial recluído. A partir dese día, fíxenlle frecuentes visitas sempre co abrigo posto. Escoitáboo atentamente mentres falaba de investigacións e resultados case arrepiantes, e un arreguizo apoderouse de min ao examinar os singulares e sorprendentes volumes antigos que se aliñaban

nos andeis da súa biblioteca. Debo engadir que me atopaba xa case completamente curado da miña doenza, grazas aos seus atinados remedios. Ao parecer, o doutor Muñoz non se negaba a recorrer aos esconxuros dos medievalistas, pois cría que aquelas fórmulas crípticas contiñan raros estímulos psicolóxicos que ben poderían ter efectos indicíbeis sobre a substancia dun sistema nervioso no que xa non se desen pulsacións orgánicas. Impresionoume o que me contou do ancián doutor Torres, de Valencia, con quen realizou os seus primeiros experimentos e que lle atendeu a el no curso da grave enfermidade que padeceu 18 anos atrás, e da que procedían os seus actuais trastornos, ao pouco tempo de salvar o seu colega, o ancián médico sucumbiu vítima da gran tensión nerviosa á que se vira sometido.

A medida que transcorrían as semanas, observei con dor que o aspecto físico do meu amigo ía desmellorando, lenta pero irreversibelmente, tal como me dixera a señora Herrero. Intensificouse o lívido aspecto do seu rostro, a súa voz fíxose máis oca e indistinta, os seus movementos musculares perdían coordinación e o seu cerebro e vontade despregaban menos flexibilidade e iniciativa. O doutor Muñoz parecía darse perfecta conta do empeoramento, e aos poucos a súa expresión e conversa foron adquirindo un matiz de horrenda ironía, que me fixo recobrar algo da indefinida repugnancia que experimentei ao coñecelo. O doutor Muñoz adquiriu co tempo estraños caprichos, afeccionándose ás especias exóticas e ao incenso exipcio, até o punto de que o seu cuarto se enchoupou dun cheiro semellante ao da tumba dos faraóns. Ao mesmo tempo, a súa necesidade de ar frío foi en aumento e, coa miña axuda, ampliou os condutos de amoníaco e transformou as bombas e sistemas de alimentación da máquina de refrixeración até lograr que a temperatura descendese a un punto entre un e catro graos

e, finalmente, mesmo a dous baixo cero. O cuarto de baño e o laboratorio conservaban unha temperatura algo máis alta, a fin de que a auga non se xease e puidesen darse os procesos químicos. O hóspede do cuarto contiguo queixouse do ar xélido que se escoaba a través da porta de comunicación, así que tiveron que axudar o doutor a pór unhas tupidas cortinas para solucionar o problema. Unha especie de crecente horror, desmedido e morboso, pareceu apoderarse del. Non deixaba de falar da morte, pero estalaba en xordas risas cando, no medio da conversa, aludía con suma delicadeza a cousas como os preparativos para o enterro ou os funerais.

Co tempo acabou converténdose nunha compañía desconcertante e desapracíbel. Pero, na miña gratitude por curarme non podía abandonalo en mans dos estraños que o rodeaban, así que tiveron bo coidado de limpar o seu cuarto e atendelo nas súas necesidades cotiás. Así mesmo, facíalle as compras, aínda que non saía do meu estupor ante algúns dos artigos que me encargaba comprar nas farmacias e almacéns de produtos químicos.

Unha crecente e indefiníbel atmosfera de pánico parecía desprenderse do seu cuarto. A casa enteira, como xa dixen, despedía un cheiro a humidade, pero o das estancias do doutor Muñoz era aínda peor e, malia as pespecias, o incenso e o acre perfume dos produtos químicos dos agora incesantes baños (que insistía en tomar sen asistencia), comprendín que aquel cheiro debía gardar relación coa súa enfermidade, así que me arreguiceí ao pensar en cal podería ser. A señora Herrero persignábase cada vez que se cruzaba con el e finalmente abandonouno de maneira total nas miñas mans, non deixando sequera que o seu fillo Esteban seguise facéndolle os recados. Cando eu lle suxería a conveniencia de avisar outro médico, o paciente montaba en

cólera. Temía sen dúbida o efecto físico dunha violenta emoción, pero a súa vontade e coraxe crecían en lugar de minguar, negándose a deitarse. A lasitude dos primeiros días da súa enfermidade deu paso a un retorno do seu ánimo vehemente, até o punto de que parecía desafiar aos berros o demo da morte aínda cando correse o risco de que o tradicional inimigo se apoderase del. Deixou practicamente de comer, algo que curiosamente sempre deu a impresión de ser unha formalidade nel, e só a enerxía mental que lle restaba parecía libralo do colapso definitivo.

Adquiriu o costume de escribir longos documentos, que selaba con coidado e enchía de instrucións para que á súa morte os remitise eu aos seus destinatarios. Estes eran na súa maioría das Indias Occidentais, pero entre eles atopábase un médico francés famoso noutro tempo e ao que agora se daba por morto, e do que se dicían as cousas máis incríbeis. Pero o que fixen en realidade foi queimar todos os documentos antes de envialos ou abrilos. O aspecto e a voz do doutor Muñoz volvéronse absolutamente espantosos e a súa presenza case insoportábel. Un día de setembro, unha inesperada mirada provocou unha crise epiléptica nun home que viñera reparar a lámpada eléctrica da súa mesa de traballo, ataque este do que se recuperou grazas ás indicacións do doutor mentres se mantiña lonxe da súa vista. Aquel home vivira os horrores da Gran Guerra sen sufrir tal sensación de terror.

Un día, a mediados de outubro, produciuse o horror dos horrores de maneira súbita. Unha noite rompeu a bomba da máquina de refrixeración, polo que pasadas tres horas resultou imposible manter o proceso de arrefriado do amoníaco. O doutor Muñoz avisoume dando golpes no chan e eu fixen o imposible por reparar a avaría, mentres o meu veciño non deixaba de berrar. Os meus esforzos resultaron inútiles e cando pasado un intre me presentei cun mecánico dun garaxe

nocturno próximo, comprobamos que nada podía facerse até a mañá seguinte, pois era preciso mudar o pistón. A rabia e o pánico do moribundo ermitán adquiriron proporcións grotescas, dando a impresión de que fose crebar o que quedaba do seu debilitado físico, até que nun momento dado un espasmo obrigouno a levar as mans aos ollos e precipitarse cara ao cuarto de baño. Saíu de alí ás apalpadelas co rostro fortemente vendado e xa non volvín ver os seus ollos.

O frío reinante na estancia empezou a diminuír de maneira notábel e a iso das cinco da mañá o doutor retirouse ao cuarto de baño, á vez que me encargaba que lle procurase todo o xeo que puidese conseguir nas tendas e cafetarías abertas durante a noite. Cada vez que regresaba dalgunha das miñas desalentadoras correrías e deixaba o botín diante da porta fechada do baño, podía ouvir un incansábel chapucar dentro e unha voz rouca que gritaba «Máis! Máis!» Finalmente, amenceu un caloroso día e as tendas foron abrindo unha tras outra. Pedín a Esteban que me axudase na procura do xeo mentres eu me encargaba de conseguir o pistón. Pero, seguindo as ordes da súa nai, o raparigo negouse en redondo.

En última instancia, contratei os servizos dun lacazán, a fin de que lle subise ao paciente xeo dunha pequena tenda, mentres eu me entregaba coa maior dilixencia á tarefa de atopar un pistón para a bomba e conseguir os servizos duns obreiros competentes que o instalasen. A tarefa parecía interminábel e case cheguei a desalentarme ao ver como transcorrían as horas indo de acó para aló sen alento e sen inxerir alimento ningún. Serían as doce cando moi lonxe do centro atopei un almacén de repostos onde tiñan o que buscaba, e aproximadamente hora e media despois chegaba á pensión co

instrumental necesario e dous rexos mecánicos. Fixera todo o que estaba na miña man, e só me quedaba esperar que chegase a tempo.

Con todo, adiantáraseme un terror sen nome. A casa estaba totalmente alborotada e por encima do incesante bulebule das voces puiden ouvir un home que rezaba con voz profunda. Algo diabólico aboiaba no ambiente e os hóspedes pasaban as contas dos seus rosarios ao chegar até eles o cheiro que saía por baixo da porta atrancada do doutor. Ao parecer, o tipo que contratara saíu precipitadamente dando ouleos histéricos ao pouco de regresar da súa segunda viaxe en busca de xeo: quizais se debese todo a un exceso de curiosidade. Na precipitada fuxida non puido, desde logo, fechar a porta tras de si, pero o certo é que estaba fechada e, polo visto, desde o interior. Dentro non se ouvía o menor ruído, salvo un indefinible pingar lento e espeso.

Tras consultar brevemente coa dona e os obreiros, malia o medo que me apertaba, opinei que o mellor sería forzar a porta, pero a patroa achou o modo de facer virar a chave desde o exterior servíndose dun arame. Con anterioridade, abrimos as portas do resto dos cuartos desa á do edificio, e outro tanto fixemos con todas as xanelas. A continuación, e protexidos os narices con panos, penetramos tremendo de medo na fedorenta estancia do doutor que, orientada ao medio día, abrasaba co caloroso sol das primeiras horas da tarde.

Unha especie de rastro escuro e viscoso levaba desde a porta aberta do cuarto de baño á porta de vestíbulo, e desde aquí ao escritorio, onde se formara un charco noxento. Encima da mesa había un anaco de papel, esborrachado a lapis por unha man repulsiva e cega, terriblemente manchado, tamén, ao parecer, polas mesmas gadoupas que trazaron apresuradamente as últimas palabras. O rastro levaba até o sofá onde finalizaba inexplicabelmente.

O que había ou houbera no sofá é algo que non podo nin me atrevo a dicir aquí. Pero isto é o que, no medio dun arreguizo xeral, descifrei do luxado papel, antes de sacar un misto e prenderlle lume. Isto é o que conseguín descifrar aterrorizado mentres a patroa e os dous mecánicos saían disparados daquel lugar infernal cara á comisaría máis próxima para balbucir as súas incoherentes historias. As nauseabundas palabras resultaban pouco menos que incríbeis naquela amarelada luz solar, co estrondo dos coches e camións que subían pola rúa, pero debo confesar que naquel momento crin o que dicían. Se as creo agora é algo que sinceramente ignoro. Hai cousas sobre as cales é mellor non especular, e todo o que podo dicir é que non soporto o cheiro a amoníaco e que me sinto esvaecer ante unha corrente de ar excesivamente frío.

—Chegou o final —rezaban aqueles fedorentos borrhanchos—. Non queda xeo... O home botou unha mirada e saíu correndo. A calor aumenta por momentos e os tecidos non poden resistir. Imaxínome que sabe... o que dixen sobre a vontade, os nervios e a conservación do corpo unha vez que deixaron de funcionar os órganos. Como teoría era boa, pero non podía manterse indefinidamente. Non contei coa deterioración gradual. O doutor Torres sabíao, pero morreu da impresión. Non foi quen de soportar o que tivo que facer: tivo que introducirme nun lugar estraño e escuro, cando fixo caso do que lle pedía na miña carta e logrou curarme. Os órganos non volveron funcionar. Tiña que facerse á miña maneira, comprende? Eu falecín naquel momento, hai xa dezaioito anos.



O MODELO DE PICKMAN

[*Pickman's Model* escribiuse en setembro de 1926 e publicouse no número de outubro de 1927 da revista *Weird Tales*.]

Non é necesario afirmar que toleei, Eliot: hai moita xente que ten prexuizos máis extravagantes ca este. Por que non te burlas do avó de Oliver, por exemplo, que nunca subiu a un vehículo a motor? Se non podo aturar ese maldito ferrocarril metropolitano é cousa miña e, por outra banda, chegamos moito máis rápido que se viñésemos en taxi. De elixir o metro, teríamos que subir a pé o outeiro de Park Street.

Confeso que me atopo máis nervioso que o ano pasado, cando me viches, pero non creo que sexa razón dabondo como para que me recomendes o psiquiátrico. O Señor sabe ben que teño inmensos motivos para estar conmovido, e creo que son moi afortunado por conservar a lucidez até agora. Por que o terceiro grao? Antes non eras tan cruel.

Ben, se tes que escoitalo, non vexo razón para que non o fagas. Quizais mesmo te asista o dereito a sabelo, xa que fuches o único en

escribirme, como se foses un parente agraviado, cando te decataches de que xa non frecuentaba o Art Club e que me mantiña distanciada de Pickman. Agora que Pickman xa non está, de cando en vez dou unha volta polo club, pero desde aquela os meus nervios non son os de antes.

Non, non sei que foi de Pickman e tampouco me gusta entregarme ás conxecturas. Puidiches sospeitar que eu sabía algo importante cando me distanciei del... e esta é a causa pola que me nego a pensar cara a onde iría. Deixemos que a policía investigue canto poida. Non creo que sexa moito, tendo en conta que aínda non sabe nada da casa que, baixo o nome de Peters, alugou no North End. Tampouco estou seguro de que eu mesmo sexa quen de atopala outra vez... nin sequera de que pense en ir atopala, aínda a plena luz do día. Si, creo saber por que a alugou. Sobre isto podo falarche. Así saberás, moito antes de que conclúa, por que motivo non vou á policía. Obrigaríanme a que os levase até ela, pero a verdade é que non podería regresar a esa casa aínda que coñecese o camiño. Ben, por iso non podo tomar o metro, nin baixar a soto ou adega ningunha, e isto tamén che causará risa.

Pareceume que poderías entender que o meu distanciamento con Pickman non se debeu ás mesmas razóns estúpidas que produciron a mesma reacción en homes como o doutor Reid ou Joe Minot ou Rosworth. A arte que se ocupa do morboso non me interesa en absoluto, pero cando alguén ten a xenialidade que tiña Pickman, para min resulta unha honra coñecelo, á marxe das canles que tome a súa obra. Boston xamais contou cun pintor tan notábel como Richard Upton Pickman. Díxeno desde un principio e continuo afirmándoo. Tamén mantiven tal afirmación cando deu a coñecer aquel «Vampiro alimentándose». Segundo lembrarás, por esa obra Minot deixou de saudalo.

Para enxendrar obras como as de Pickman é necesario un profundo dominio da súa arte e unha non menos profunda percepción das entrañas da natureza. Calquera ilustrador de portadas está en condicións de envorcar absurdamente cor sobre un papel e anunciar que nos está entregando un pesadelo, un aquelarre de bruxas ou un retrato do diaño. Pero só un grande artista pode chegar a un resultado que nos impresione como verosímil e que nos aterrorice. Isto é posíbel porque só un verdadeiro artista pode recoñecer a verdadeira anatomía do terríbel e a fisioloxía do medo: é o único que coñece o tipo exacto de liñas que espertan os instintos adormentados ou os herdados recordos do medo, é o único capaz de rastrexar os contrastes precisos de cor e os efectos de luz que estimulan no seu espectador o latente sentido do anormal. Non necesito explicarche por que un Fuseli nos produce calafríos mentres que a portada dunha revista de fantasmas só nos move á risa. Existe algo que eses seres excepcionais captan, algo que está máis aló da vida, e son capaces de transmitírnolo aínda que sexa de maneira fugaz. É o don que distingue a Gustave Doré. Sidney Sime tamén o ten. Angarola de Chicago tamén. E Pickman posuía o nun grao enorme, como ninguén o tivo antes ca el e como ninguén, así o queira o Señor, volverá telo.

Non queiras saber que é o que eses homes ven. Na práctica artística advírtese unha gran diferenza entre as obras que captan estes seres esenciais arrincados á natureza e os produtos industriais que se fabrican nun estudio. En suma, debería dicir que o artista propiamente fantástico está dotado dun tipo de visión que o faculta para percibir motivos xenuínos dun mundo espectral. Por isto logra uns resultados que distan quilómetros das melosas representacións de soños, así como as obras dun pintor «vitalista» toman distancia dos pastiches de alguén que

aprendeu a debuxar por correspondencia. Se algunha vez se me permitise ver o que Pickman viu!... Pero non. Mellor vaíamos beber un grolo antes de mergullarnos neste asunto. Por Deus! Non estaría con vida se vise o que viu ese home, se é que era un home.

Como lembrarás, o forte de Pickman eran os rostros. Creo que ninguén, desde Francisco de Goya, puxo tanta intensidade nuns trazos ou nunha expresión. E antes que Goya habería que buscar nos anónimos artistas medievais que crearon as gárgolas ou as quimeras de Notre Dáme ou do Mont Saint Michel. Eles crían na realidade das criaturas que plasmaban nas súas obras... e talvez tamén vían esa clase de criaturas, sobre todo se se lembra que a Idade Media tivo algunhas etapas moi curiosas. Recordo perfectamente que en certa ocasión preguntácheslle a Pickman onde raio conseguía tales ideas e visións. A resposta foi unha desagradábel gargallada. Esa gargallada foi, casualmente, a razón pola que Reid se desgustou con el. Reid viña de graduarse en Patoloxía Comparada e era un saco de grandes ideas sobre o significado biolóxico ou evolutivo de calquera dos síntomas mentais ou físicos imaxinábeis. A súa aversión que sentía cara a Pickman era cada vez máis notábel e terminou practicamente en medo ao pintor. Decía que a expresión de Pickman e mesmo os seus trazos tomaban un camiño progresivo que non lle gustaba: desenvolvíanse nun sentido que non era humano. Se mantiveches correspondencia con Reid, supoño que lle dixeches que o seu erro consistiu en deixar que os cadros de Pickman operasen directamente sobre os seus nervios ou a súa imaxinación. Foi o que eu dixen naquel tempo.

Podes estar seguro de que non me distanciei de Pickman por ningunha destas cousas. Ao contrario, a miña admiración cara ao mestre foi medrando, xa que non había dúbida ningunha de que aquel

«Vampiro alimentándose» era unha obra mestra. Como sabes, o Club negouse a exhibilo e o Museo de Belas Artes nin sequera o aceptou como doazón, ninguén tampouco quixo compralo, así que o cadro quedou arrombado en casa de Pickman até que este marchou. Agora está en mans do seu pai, na casa familiar de Salem. Ben sabes que Pickman é orixinario da antiga Salem, un dos seus antepasados foi queimado en 1692 por bruxaría.

Afíxenme a visitar a Pickman con algunha frecuencia, en especial despois de comezar a buscar material para a preparación dunha monografía sobre a arte fantástica. Talvez fose a súa propia obra a que me suxeriu a idea. De calquera xeito, debo confesar que a súa obra foi unha rica canteira de suxestións e de datos para aquel propósito. Facilitoume o acceso a todos os seus traballos, a todos os cadros e debuxos que tiña con el, incluíndo algúns bosquejos a tinta que significarían a súa inmediata expulsión do Club de caer ante os ollos dos seus integrantes. En pouco tempo transformárame nunha especie de adepto que pasaba horas enteiras pendente de teorías artísticas e especulacións filosóficas tan desatinadas que por si soas xustificarían o internamento de Pickman no manicomio de Danvers.

O pintor volveuse moi confiado comigo, seguramente debido tanto á miña demostrada admiración como ao feito de que case toda a xente comezara a evitalo. Unha tarde díxome que se estivese seguro da miña discreción e da miña enteireza mostraríame algo distinto ao que eu estaba afeito ver, algo ben máis perturbador que calquera das pezas que tiña na súa casa.

Certas cousas, confioume, non se poden tolerar en Newbury Street. Aquí estarían fóra de lugar e tampouco poderían ser concibidas neste lugar. A miña misión consiste en capturar as harmonías da alma e isto

claramente resulta imposible de practicar nunha serie de aburridas rúas de recente construción. Back Bay non é Boston... Aínda segue sendo nada porque non tivo tempo dabondo como para compactar recordos e poboarse de espíritos locais. Os fantasmas de aquí son fantasmas domesticados que esqueceron o seu fogar inicial nun pantano ou nunha cova de relativa profundidade. Eu necesito fantasmas humanos, fantasmas de seres o suficientemente fortes como para resistir unha ollada ao inferno e o suficientemente aptos como para volver co significado do que viron.

O mellor lugar para que viva un artista, continuou, é o North End. Se fose coherente e sincero consigo mesmo e coa súa obra, o artista só habitaría nos barrios pobres, alí onde se acumulan as tradicións. Eses lugares non só foron construídos, desenvolvéronse. Neses lugares viviron xeracións tras xeracións, gozaron da vida e morreron, en épocas en que a xente se atrevía a vivir, sentir e morrer. Tiñas idea de que en 1632 existía un muíño na Copp's Hill e que a metade das actuais rúas foron trazadas en 1650? Podo mostrarche edificios que se manteñen en pé desde hai máis de dous séculos e medio, casas que soportaron cousas que farían derrubarse os edificios modernos. Que sabe a xente de hoxe en día sobre a vida e as forzas que a moven? Hoxe chámalle fantasías á bruxaría de Salem, pero a miña retataravoa ben podería usar outras palabras. Colgárona en Gallow Hill, custodiada pola mirada beata de Cotton Mather. O maldito Mather sempre estaba obsesionado con que alguén lograra fuxir daquel demoníaco cárcere de monotonía. Mágoa que non o fixeron vítima dun feitizo ou que non lle chupasen todo o sangue durante a noite!

Podo mostrarche un dos lugares onde viviu, proseguía Pickman, e tamén podo levarte a outra casa á que non se atrevía a entrar a pesar das

súas moitas botadas por fóra. Coñecía cousas que non se animou a escribir naquel *Magnalia* nin nas puerís *Marabillas do mundo invisíbel*. A propósito, sabías que existiu unha época en que todo o North End estaba sucado por unha rede de túneles que permitían a certas persoas o contacto con certas casas, co cemiterio e co mar? Se examinamos dez casas construídas antes de 1700, aposto a que en oito delas podo mostrarche algo raro na adega. Non pasa mes sen que leamos nos xornais que un grupo de obreiros descubriu pasadizos subterráneos que non levan a ningunha parte. Hai pouco localizouse un en Henchman Street. Había bruxas e invocación dos seus sortilexios, contrabandistas, piratas e o que do mar recollían. Podo asegurarche que noutras épocas a xente sabía como vivir e como amañarse para dilatar as fronteiras da vida. Por certo que este non era o único mundo que un home valente con imaxinación podía coñecer. E pensar que hoxe, en cambio, as mentes augáronse tanto que mesmo un club de pretendidos artistas se arreguiza e se conmociona se un cadro traspón os sentimentos que puido experimentar un feirante de Beacon Street.

O único que salva o presente, afirmaba o pintor, é a súa propia estupidez, porque o inhabilita para interrogar o pasado. Que din en realidade do North End os mapas, os arquivos e as guías? Podo levarte a trinta ou corenta calellas situadas ao norte da Prince Street, cuxa existencia non é coñecida nin sequera por dez persoas, á parte dos estranxeiros que viven nelas. E que saben sobre a súa natureza eses homes morenos? Nada, Thurber, porque eses lugares ancestrais están inzados de terror, de marabillas e de portas para acceder a mundos diferentes dos vulgares. E, con todo, non hai ninguén que saiba comprendelos ou sacarlles o proveito necesario. Para dicilo mellor, hai

unha soa alma capaz... ou crees que estiven esculcando o pasado en balde?

Polo que advirto, dicíame, interésanche esta clase de cousas. Pois ben, que dirías se che confiase que teño outro estudio por esa zona, onde podo capturar o lóbrego espírito de horrores pasados e pintar cousas que xamais acudirían á miña imaxinación en Newbury Street? Por suposto que non faría esta revelación aos estúpidos menopáusicos do Club... empezando por Reid... o moi maldito... sempre murmurando como se eu fose unha especie de monstro. Podes crerme, Thurber, hai xa tempo que decidín pintar o terror da vida, de maneira análoga a como se pinta a súa beleza, así que realicei algunhas investigacións en sitios sobre os que tiña motivos para saber que habitaba o terror.

Situei un lugar, murmurou Pickman, que á parte de min mesmo só viron tres homes do norte. Non se atopa a moita distancia do metro, pero está a séculos del en canto a espírito. Decidinme a alugalo debido ao estraño pozo con paredes de tixolo que hai na adega. O edificio está case en ruínas, polo que a ninguén se lle ocorrería ir vivir alí. Avergoñaríame confesar che o que pago por el. Tapiei as xanelas xa que non necesito luz solar para a miña tarefa. Instalei o taller na adega, lugar onde a inspiración se torna máis intensa, pero tamén teño outras estancias con mobles na planta baixa. O edificio pertence a un siciliano e para alugarllo usei o nome de Peters.

Se queres, concluíu Pickman, lévote esta noite. Estou seguro de que os cadros che han gustar moito, posto que neles está o mellor de min. Non teremos que camiñar moito. Sempre vou a pé para non chamar a atención cun taxi en semellante lugar. Tomaremos o metro en South Station e iremos até Battery Street. Daquela unha pequena camiñada e estaremos alí.

Comprenderasme, Eliot, se che digo que despois de semellante arenga acompañaría a Pickman até o inferno mesmo. Tomamos o metro en South Station e moi preto das doce atopámonos en Battery Street, camiñando ao longo do peirao. A continuación subimos por todo o longo dunha deserta calella que era a máis vella e a máis sucia que vira en toda a miña vida, salpicada por casas de tellados rebentados, xanelas estaladas e escangalladas chemineas a medio desfacer que, con todo, aínda se erguían contra o ceo. Deume a impresión de que todas as casas que eu vía tamén as vira Cotton Mather.

Ao chegar a unha esquina mal iluminada viramos á esquerda e tomamos un canellón moito máis estreito, igualmente silencioso, pero sen luz ningunha. De súpeto detivémonos e Pickman extraeu de entre as súas roupas unha lanterna coa que proxectou un feixe de luz contra unha porta antediluviana de madeira tan podrecida que parecía imposible que se mantivese en pé. Pickman abriuna e convidoume a entrar a un vestíbulo deserto que aínda conservaba os rastros do que noutros tempos fora un magnífico artesoado de carballo. Era simple, por suposto, pero claramente indicativo da época de Andros, Phipps e a bruxaría. Logo fíxome franquear unha porta á esquerda, acendeu unha lámpada de petróleo e convidoume a que me puxese cómodo, como se estivese na miña propia casa.

Ben sabes, Eliot, que son o que se chama un tipo duro, pero debo confesar che que o que me mostraron as paredes daquela casa anooume a alma e as tripas. Eran os cadros de Pickman, os que non podía pintar, nin moito menos exhibir, na Newbury Street, e... que dicirche! Mellor imos tomar outra copa. Necesítoa.

Como comprenderás, é inútil que trate de describir che aqueles lenzos, porque como facer para describir o máis terríbel e herético

horror, a máis fedorenta descomposición moral mediante unhas simples pinceladas de cor postas sobre un plano? Non se vía nesas obras a técnica sofisticada que se advirte en Sidney Sime, nin sequera os panoramas ou a vexetación cósmica que Clark Ashton Smith emprega para provocar horror. Os contornos recollían polo xeral os esvaecidos trazos de antigos cemiterios, bosques tenebrosos, rochas lindeiras ao mar, túneles revestidos de tixolo, vellos cuartos artesoadas ou sinxelas criptas de cantaría. O cemiterio de Copp's Hill, que seguramente non se atopaba moi lonxe de onde estabamos, era o escenario preferido.

A tolemia e a deformidade cebábanse nas figuras de primeiro plano, posto que, como sabes, na pintura de Pickman predomina un satánico retratismo. As figuras non eran de todo humanas; máis ben, tentaban achegarse a diversos graos do humano. A maior parte dos seres, apenas bípedes, ostentaban un aquel canino. Paréceme velos! As súas ocupacións... non me pidas precisión. Polo xeral achábanse alimentándose. Non che vou dicir en que consistía o seu alimento. Algunhas veces agrupábanse en cemiterios ou pasadizos subterráneos e de cando en vez disputábanse a súa presa..., ou para dicilo mellor, o seu prezado botín. E, sobre todo, esa maldita expresividade que Pickman sabía dar aos cegados rostros do macabro botín. Nalgúns cadros as criaturas saltaban a través dunha xanela aberta ao corazón da noite ou aniñaban no peito dalgún ser dormente para entreterse coa súa gorxa. Unha das pinturas mostraba unha manda daquelas repugnantes criaturas ouveando arredor dunha bruxa empalada en Gallows Hill, cuxa fisionomía tiña unha notábel similitude coa dos seres que a rodeaban.

Así e todo non debes crer que o que me impresionou até o vómito foi a temática daqueles, cadros. Non son un neno e por certo que vin

cadros parecidos moitas veces. Foron os rostros, Eliot, aqueles rostros que parecían escapar da tea movidos por un alento de vida. En este mesmo momento podería xurarche que estaban vivos. Dáme outro grolo, Eliot.

Lembro un lenzo chamado «A lección»... Meu Deus! Imaxínaste un grupo deses seres acazapado en semicírculo nun cemiterio entregado á tarefa de ensinar a un neno a alimentarse coma eles? Supoño que se trataría dos termos dun intercambio... Seguramente coñeces o vello mito sobre as terribes substitucións que practican os seres sobrenaturais, deixando nos berces as súas propias crías e levando os nenos que dormen nelas. Os cadros de Pickman mostraban que lles ocorre a eses nenos roubados, como se desenvolven... e desde ese instante comecei a advertir unha espantosa similitude entre os rostros das figuras humanas e as non humanas. No esencial Pickman dedicábase a establecer, con todos os graos de morbosidade posíbeis, un sinistro nexo evolutivo entre o cabalmente humano e o malignamente inhumano. A orixe dos seres caninos estaba no ser humano!

Pasoume pola mente a incógnita de que sucedería coas crías que quedaban nos berces a modo de troco, pero un cadro que de súpeto quedou fronte aos meus ollos ilustroume sobre ese tema. A tea representaba os interiores dunha casa puritana, ornada con mobiliario do século XVII, e unha reunión familiar arredor do pai, que lía as Escrituras. Todos os rostros, fóra dun, transmitían integridade e solemnidade. O outro zumegaba a máis repulsiva mofa. Tratábase dun mozo, polo que podía inferirse fillo daquel piadoso pai, aínda que a súa irmandade cos seres infrahumanos era indubidábel. Era o produto dun daqueles trocos... e nun impulso de ironía superior, Pickman conferira ás faccións do mozo unha estarrecedora semellanza coas súas propias.

A todo isto, Pickman dera luz a unha lámpada no cuarto contiguo e convidábame a pasar para ensinarme os seus últimos estudos. Aínda non abrira a boca para comunicarlle as miñas impresións sobre o que vira, o terror e a emoción deixáranme mudo, pero el percibiu claramente o meu estado anímico e, sen dúbida, gustou. Novamente, Eliot, quero que teñas en conta que non son un pallaso capaz de pórse a berrar fronte a calquera espectáculo que se aparte do que chamamos normal. Son maior dabondo como para non deixarme impresionar con facilidade. No entanto, o que vin naquela estancia arrincoume un berro e vinme obrigado a agarrarme ao marco da porta para non caer ao piso. A primeira das salas era o reino dunha cantidade de vampiros e de bruxas poboando o mundo dos nosos antepasados, pero esta ocupábase do horror que aniña na nosa vida cotiá.

Como podía Pickman pintar esas cousas! Había un bosquexo chamado «Accidente no Metro», onde se vía unha manda dos seres malignos brotando dunha descomunal catacumba por unha greta do chan e atacando a multitude que esperaba na estación. Outro mostraba unha danza en Copp's Hill entre as tumbas, pero na actualidade. Tamén había varias vistas de sotos, con monstros a medio saír de buracos e fendas na pedra, facendo sinistros acenos sen deixar de manterse acazados tras bocois ou calefactores á espera da primeira vítima que baixase pola escaleira.

Un lenzo noxento semellaba centrarse nun vasto sector de Beacon Hill, con densos exércitos de monstros mefíticos que abrollaban dos miles de buracos que tapizaban o chan. Había tamén traballos con danzas en cemiterios actuais, pero o que máis me perturbou foi unha escena nunha cripta perdida onde un xentío de pequenas bestas se arremuiñaba arredor doutra que, cunha coñecida guía de Boston nas

súas mans, lía evidentemente en voz alta. Todas as bestas sinalaban unha mesma pasaxe e os seus rostros estaban crispados por unha risa epiléptica, cuxa reverberación case me pareceu ouvir. O título da tea era: «Holmes, Lowell e Longfellow están enterrados en Mount Auburn».

Mentres recuperaba algo de compostura e serenidade, en tanto me ía adaptando a aquela segunda estancia diabólica e morbosa, comecei a analizar o meu propio estado de ánimo. En primeiro termo, descubrín que todo aquilo me producía noxo porque evidenciaba a falta de humanidade e a impertérrita crueldade de Pickman. Sen dúbida debía de ser un indeclinable inimigo do xénero humano para recrearse daquela maneira coa tortura do espírito e da carne, e coa degradación do humano. En segundo lugar, toda aquela pintura era estarrecedora debido á súa propia grandeza. A súa era unha arte que convencía: ao mirar os seus cadros víamos os demos en persoa e, por suposto, inspirábons medo. E, o máis curioso de todo era que Pickman pintaba dun xeito lineal, sen recorrer a ningún truco ou efectismo, sen difuminacións da luz ou distorsión do real: os perfís eran nítidos e os detalles eran lamentabelmente ben definidos. E que dicirche dos rostros!

O que se vía nos cadros era algo máis que a simple interpretación dun artista; tratábase do propio inferno envorcado coa maior fidelidade que se poida imaxinar. Non era posíbel confundir a Pickman cun imaxinativo ou cun romántico: a súa tarefa limitábase a reflectir un mundo terríbel que el vía de xeito cristalino. Só Deus pode saber onde capturara as heréticas formas que se vían nos cadros. Pero for cal fose a orixe das súas imaxes, algo era máis que evidente: en canto a concepción e execución, Pickman era un pintor realista e case científico.

Máis adiante baixei tras o meu anfitrión ao verdadeiro estudio, que se atopaba no soto. Cando alcanzamos o pé da escaleira húmida, Pickman concentrou o feixe de luz da súa lanterna nunha esquina onde se vía un círculo de tixelos que marcaba evidentemente un pozo de grandes dimensións escavado no piso. Ao achegarnos comprobei que o orificio medía aproximadamente un metro e medio de diámetro, con paredes que terían uns trinta centímetros de espesor e que sobresaían unha cuarta por encima do nivel do chan. Tiña todo o aspecto de tratarse dunha desas sólidas obras do século XVII. Segundo me explicou Pickman, tratábase dun acceso que conectaba coa rede de túneles que ucaba as entrañas do outeiro e da que me falara antes. Advertín que o pozo estaba cuberto cun sólido disco de madeira. Ao pensar nos sitios onde debía de levar o pozo, se é que as desatinadas revelacións de Pickman tiñan algo de verdade, un arreguizo percorreu todo o meu corpo. No entanto, seguimos avanzando e a través dunha roída porta o meu anfitrión fíxome pasar a unha sala bastante grande, con piso de madeira e equipada propiamente como o estudio dun pintor. Unha instalación de gas acetileno achegaba a luz necesaria para traballar.

Os cadros sen acabar, postos sobre cabaletes ou simplemente apoiados contra a parede, producían o mesmo horror que os que vira arriba e volvían dar fe da meticulosidade que caracterizaba o artista. O bosquejo das escenas era moi coidadoso e as liñas de lapis revelaban o coidado con que Pickman trataba de conseguir a perspectiva e as proporcións precisas. Era un gran pintor e podo seguir dicíndoo agora, malia todo o que sei. Unha enorme cámara fotográfica que se achaba sobre unha mesa atraeu a miña atención: Pickman explicoume que a empregaba para fotografar paisaxes que logo ingresaban como fondo

nas súas teas; con este método aforraba ter que cargar con todos os seus cacharros dun lado para outro, até dar cunha paisaxe acaída. Sostiña que unha fotografía era tan boa como unha paisaxe ou un modelo real e que por iso recorría a elas habitualmente.

Había algo perturbador nos repulsivos bosquejos e nas inacabadas monstruosidades que se acazapaban en todos os recunchos do estudio. Pero cando de súpeto Pickman descubriu unha enorme tea colocada sobre un cabalete, non puiden conter un novo berro de horror, o segundo daquela noite. Os seus ecos rodaron nunha e outra das escuras bóvedas daquela húmida e salitrosa adega e foi grande o esforzo que implicou conterme para non estoupar nunha histérica gargallada. Ai, meu Deus! Aínda hoxe non podoo saber até que punto me achaba fronte a unha realidade ou a unha fantasía.

No cadro víase un xigantesco e indescritíbel monstro de ollos chameantes e arroibados que sostiña coas súas afiadas gadoupas un ser que fora un home, cuxa cabeza roía coa mesma fruición con que un neno rilla nunha lambetada. Estaba anicado e cando o miraba, xurdía a atroz sensación de que en calquera instante podía guindar a súa presa e saltar en procura dalgunha lambetada máis sólida.

A pesar de todo, o que producía unha sensación de xeadoo terror non era aquel rostro canino de orellas picudas, nin os seus ollos embebidos en sangue, nin o nariz deforme, nin as súas fauces, das que chorreaba unha baba rosácea. Tampouco eran as gadoupas escamudas, nin o pelame noxento que recubría o corpo, nin os pés non de todo unglados, aínda que calquera daquelas características por si soas podería desestabilizar un home impresionábel.

O que golpeaba, Eliot, era a técnica, a maldita, implacábel e deshumanizada técnica. Até aquela noite non me foi dado ver sobre

unha tea o *élan* vital dunha maneira tan impiadosamente real. O monstro estaba entre nós, miraba con ferocidade e roía, roía e miraba con ferocidade, e comprendín que só unha paréntese breve na vixencia das leis da natureza permitira a un home pintar unha cousa como aquela sen un modelo... e sen frecuentar ese mundo infrahumano que ningún mortal que non vendese a alma ao diaño conseguiu ver.

Apoiado de calquera momento nunha parte da tea aínda non pintada víase un anaco de papel moi engurrado. En principio pensei que se trataba dunha das fotografías que Pickman utilizaba para lograr algún fondo tan espantoso como o motivo central do cadro. Cando ía alisalo para observalo máis coidadosamente, Pickman sobresaltouse de maneira súbita e violenta. Notei que desde que o meu berro espertou inusitados ecos na lóbrega adega, o meu anfitrión evidenciara prestar atención con singular coidado a posíbeis ruídos de resposta. Agora el tamén parecía ser presa do medo, aínda que a diferenza do que eu experimentaba, no seu caso parecía máis físico que espiritual. Extraeu un revólver do peto e cun aceno recomendoume que gardase silencio. Avanzou cara ao interior da adega, pechou a porta e deixoume só no estudio.

Sentín que a parálise se apoderaba de min. Aguzando o ouvido pareceume percibir un sutil son en algures, como de alguén deslizando polo chan e a continuación moitos chíos agudos e golpes fortes nunha dirección que non puiden determinar. A imaxe de ratas enormes acudiu á miña conmovida imaxinación. Un novo ruído conseguiu pórme a carne de galiña: o estrépito dunha pesada madeira ao caer sobre algunha pedra ou tixolo. Madeira sobre tixolo? Esa combinación non me resultaba estraña.

Novamente escoitouse o ruído, agora con maior intensidade, seguido por unha vibración como se a madeira caese moito máis lonxe

que a primeira vez. Non se apagaron as vibracións cando resoaron, un tras outro, seis disparos de revólver, disparados dun modo especial, como se o fixese un domador de leóns desexoso de impresionar o seu público. Poucos momentos despois abriuse a porta e entrou Pickman coa súa arma fumarenta e maldicindo as ratas que roldaban no vello pozo.

—Só o diaño sabe o que comen alí, Thurber —rosmou retranqueiro—, porque eses vellísimos túneles comunican con cemiterios, cubís de bruxa e co mar. Os teus berros seguramente as excitaron. Despois de todo, non hai que queixarse demasiado: engaden un pouco de atmosfera e cor ao ambiente, non cres?

Dese xeito concluíu a aventura daquela noite. A promesa de Pickman de mostrarme o lugar cumpriuse acabadamente. Abandonamos aquel labirinto de calellas por outra dirección, xa que de súpeto me atopei na moi familiar Charter Street, aínda que me sentía moi excitado como para identificar o modo en que chegamos até alí. Era demasiado tarde como para tomar o metro, así que regresamos a pé por Hannover Street. Recordo moi ben a camiñada. Dobramos en Tremont e logo de subir por Beacon chegamos até a esquina de Joy, onde Pickman me abandonou. Desde ese momento non volvíñ velo.

Por que deixei de ver a Pickman? Contén a túa impaciencia. Deixa que pida outro pouco café. Non... non foi polos cadros que vin naquel lugar. Aínda que por certo que eles serían motivo máis que suficiente para que a Pickman lle prohibisen o acceso a nove de cada dez fogares de Boston. Espero que agora comprendas a razón da miña fobia a baixar aos túneles do metro ou a sotos. Aparteime del por algo que atopei á mañá seguinte nun dos petos do meu abrigo. Si, era o engurrado papel que estaba prendido á espantosa tea da adega, o que eu pensara que era

unha fotografía con algunha paisaxe que Pickman se propuña empregar como fondo para o monstro. Seguramente cando se produciu o sobresalto súbito de Pickman, metín o papel no peto sen me ecatar antes de chegar a miralo. E ben, aquí está o café, Eliot; aconsélloche que o tomes.

En efecto, a ese papel debeuse o meu distanciamento de Pickman, de Richard Upton Pickman, o artista máis notábel que eu coñecese... e o ser máis aborrecíbel que traspuxo xamais os límites da vida para abismarse no mito e a tolemia. Reid estaba no certo: Pickman non era estritamente humano.

Non queiras que che explique o que conxecturei sobre aquel papel que queime. Hai segredos que se remontan á época de Salem e non esquezas que Cotton Mather refire cousas aínda moito máis estrañas. Ben sabes o endiañadamente expresivos que eran os cadros de Pickman e todas as veces que nos preguntamos de onde sacaría aqueles rostros.

Ben... Debo confesarache que aquel papel non era a fotografía dunha paisaxe para ser empregado como fondo. Na imaxe só se vía o ser monstruoso que estaba a pintar naquela tea terríbel. Era o modelo que lle serviu de inspiración e o fondo non era máis que a parede da adega rexistrada con todos os seus detalles. Por Deus, Eliot, aquela era unha fotografía tomada do natural.



A COR DO ESPAZO EXTERIOR

[*The Color out of Space* escribiuse en marzo de 1927 e publicouse por primeira vez no número de setembro de 1927 da revista *Amazing Stories*.]

Ao Oeste de Arkham os outeiros érguense frondosos e hai vales con profundos bosques nos que non resoou nunca o ruído dunha machada. Hai angostas e escuras valgadas onde as árbores se inclinan dun xeito fantástico e onde discorren estreitos regatos que nunca captaron o reflexo da luz do sol. Nas abas menos agrestes hai casas de labor, antigas e feitas de pedra, con edificacións auxiliares cubertas de brión, que remoen eternamente os misterios de Nova Inglaterra. Pero todas elas están agora baleiras, coas amplas chemineas esborrallándose e as paredes inclinándose debaixo dos tellados á holandesa.

Os seus antigos moradores marcharon e aos estranxeiros non lles gusta vivir alí. Os franco-canadenses tentárono, os italianos tentárono e os polacos chegaron para marchar. E iso non é debido a nada que poida ser ouvido ou visto ou tocado, senón por mor de algo puramente imaxinario. O lugar non é bo para a imaxinación e non achega soños

tranquilizadores pola noite. Isto debe ser o que mantén os estranxeiros lonxe, xa que o vello Ammi Pierce non lles contou nunca o que el lembra dos estraños días. Ammi, cuxa cabeza estivo un pouco desequilibrada durante anos, é o único que segue alí, e o único que fala dos días estraños. Atrévase a facelo porque a súa casa está moi próxima ao campo aberto e aos camiños que rodean Arkham.

Noutra época había un camiño que corría sobre os outeiros e a través dos vales en liña recta, onde agora hai un baldío murcho, pero a xente deixou de utilizalo e abriuse un novo camiño que daba un rodeo cara ao sur. Entre a maleza do baldío poden atoparse aínda pegadas do antigo camiño, a pesar de que a vexetación o invadiu todo. Logo, os escuros bosques acláranse e o baldío morre a beiras dunhas augas azuis cuxa superficie reflicte o ceo e o sol. E os segredos dos estraños días fúndense cos segredos das profundidades; fúndense coa oculta erudición do vello océano, e con todo o misterio da primitiva terra.

Cando cheguei aos outeiros e os vales para acoutar os terreos destinados ao novo corgo dixéronme que o lugar estaba enmeigado. Isto dixéronme en Arkham e como se trata dunha vila moi antiga cheo de lendas de bruxas, pensei que o de embruxado debía ser algo que as avoas murmuraran aos raparigos a través dos séculos. O nome de «baldío murcho» pareceume moi raro e teatral, e pregunteime como chegaría a formar parte das tradicións dun pobo puritano. Logo vin cos meus propios ollos aquelas valgadas e abas, e xa non me estrañou que estivesen rodeadas dunha lenda de misterio. Vinas pola mañá, pero a pesar diso estaban sumidas na sombra. As árbores medraban demasiado xuntas e os seus troncos eran demasiado grandes para seren árbores de Nova Inglaterra. Nas escuras avenidas do bosque había demasiado

silencio e o chan estaba demasiado brando co húmido brión e os restos de infinitos anos de descomposición.

Nos espazos abertos, principalmente ao longo da liña do antigo camiño, había pequenas casas de labor, ás veces con todas as súas edificacións en pé e ás veces con só un par delas, e ás veces cunha solitaria cheminea ou unha adega derruída. A maleza reinaba por todas as partes e seres furtivos murmuraban no subsolo. Sobre todas as cousas pesaba unha estraña opresión, un toque grotesco de irrealidade, como se fallase algún elemento vital de perspectiva ou de claroscuro. Non me pareceu raro que os estranxeiros non quixesen permanecer alí, xa que aquela non era unha rexión que convidase a durmir nela. O seu aspecto lembraba demasiado ao dunha paisaxe extraída dun conto de terror.

Pero nada do que vira podía compararse, no que a desolación respecta, co baldío murcho. Atopábase no fondo dun espazoso val. Ningún outro nome podería aplicárselle con máis propiedade, nin ningunha outra cousa se adaptaba tan perfectamente a un nome. Era como se un poeta acuñase a frase despois de ver aquela rexión. Mentres a contemplaba, pensei que era a consecuencia dun incendio, pero por que non medrara nunca nada sobre aqueles cinco acres de gris desolación que se estendía baixo o ceo como unha gran mancha roída polo ácido entre bosques e campos? Discorre en gran parte cara ao norte da liña do antigo camiño, pero invade un pouco o outro lado. Mentres me achegaba experimentei unha estraña sensación de repugnancia e só me decidín a facelo porque a miña angueira me obrigaba a iso. Naquela ampla extensión non había vexetación de ningunha clase, non había máis que unha capa de fino po ou cinza gris que ningún vento parecía ser capaz de arrastrar. As árbores máis próximas tiñan un aspecto raquíptico e enfermizo, e moitas delas aparecían moribundas ou cos

truncos podrecidos. Mentres andaba apresuradamente vin á miña dereita os derruídos restos dunha casa de labor e a negra boca dun pozo abandonado cuxos estancados vapores adquirían un estraño matiz ao seren bañados pola luz do sol. O abatido espectáculo fixo que non me marabillase xa dos asustados murmurios dos moradores de Arkham. Nos arredores non había edificacións nin ruínas de ningunha clase; mesmo nos antigos tempos, o lugar deixou de ser solitario e apartado. E á hora do crepúsculo, con medo a pasar de novo por aquel ominoso lugar, tomei o camiño do sur, a pesar de que significaba dar un gran rodeo.

Pola noite interroguei algúns habitantes de Arkham sobre o baldío murcho e preguntei que significado tiña a frase «os días estraños» que ouvira murmurar de xeito evasivo. Así e todo, non puideron obter ningunha resposta concreta, e o único que saquei en claro era que o misterio se remontaba a unha data moito máis recente do que imaxinaba. Non se trataba dunha vella lenda, nin moito menos, senón de algo que ocorrera en vida dos que falaban comigo. Sucedera nos anos oitenta e unha familia desapareceu ou foi asasinada. Os detalles eran algo confusos; e como todos aqueles con quen falei dixéronme que non dese creto ás fantásticas historias do vello Ammi Pierce, decidín ir visitalo á mañá seguinte, despois de decatarme de que vivía só nunha ruínosa casa que se alzaba no lugar onde as árbores empezan a espesar. Era un lugar moi vello e empezara a despedir ese leve cheiro a podre que se desprende das casas que permaneceron en pé demasiado tempo. Tiven que chamar insistentemente para que o ancián se erguese, e cando se asomou timidamente á porta decateime de que non se alegraba de verme. Non estaba tan feble como eu esperara. No entanto os seus

ollos parecían carentes de vida e as súas esfarrapadas roupas e a súa barba branca dábanlle un aspecto gastado e decaído.

Sen saber como enfocar a conversa para que me falase das súas «fantásticas historias», finxín que me levara até alí a tarefa á que estaba entregado; faleille dela ao vello Ammi, formulándolle algunhas vagas preguntas sobre o distrito. Ammi Pierce era un home máis culto e máis educado do que me deran a entender e mostrouse máis comprensivo que calquera dos homes cos que falara en Arkham. Non era como outros rústicos que coñecera nas zonas onde ían construírse os corgos. Nin protestou polas millas de antigo bosque e de terras de labor que ían desaparecer baixo as augas, aínda que quizá a súa actitude fose distinta de non ter o seu fogar fóra dos límites do futuro lago. O único que mostrou foi alivio, alivio ante a idea de que os vales polos cales vagabundeara toda a súa vida desaparecesen. Estarían mellor debaixo da auga..., mellor debaixo da auga desde os días estraños. E, ao dicir isto, a súa voz rouca tornouse máis apagada, mentres o seu corpo se inclinaba para adiante e o dedo índice da súa man dereita empezaba a sinalar dun xeito trémulo e impresionante.

Foi entón cando ouvín a historia, e mentres a voz rouca avanzaba no seu relato, nunha especie de misterioso murmurio, arreguiceime unha e outra vez ao pesar de que estabamos en pleno verán. Tiven que interromper o narrador con frecuencia para pór en claro puntos científicos que el só coñecía a través do que dixera un profesor, cuxas palabras repetía como un papagaio, aínda que a súa memoria empezara xa a fraquear; ou para tender unha ponte entre dato e dato, cando fallaba o seu sentido da lóxica e da continuidade. Cando terminou, non me estrañou que a súa mente estivese algo desequilibrada, nin que á xente de Arkham non lle gustase falar do baldío murcho. Apurei a

marcha até o meu hotel antes da posta do sol, xa que non quería ter as estrelas sobre a miña cabeza estando ao ar libre. Ao día seguinte regresei a Boston para presentar o meu informe. Non podía ir de novo a aquel escuro caos de antigos bosques e abas nin enfrontarme outra vez con aquel baldío gris onde o negro pozo abría as súas fauces á beira dos derruídos restos dunha casa de labor. A presa ía ser construída decontado e todos aqueles antigos segredos quedarían enterrados para sempre baixo as augas profundas. Mais coido que nin cando isto sexa unha realidade me gustará visitar aquela rexión pola noite..., cando menos non cando brillan no ceo as sinistras estrelas.

Todo empezou, dixo o vello Ammi, co meteorito. Antes non se ouviran lendas de ningunha clase, e mesmo na remota época das bruxas aqueles bosques occidentais non foran nin a metade de temidos que a pequena illa do Miskatonic, onde o diaño concedía audiencias á beira dun estraño altar de pedra, máis antigo que os indios. Aquelles non eran bosques enfeitizados, e a súa fantástica escuridade non foi nunca terríbel até os días estraños. Logo chegou aquela branca nube do sur, produciuse aquela cadea de explosións no ar e aquela columna de fume no val. E, pola noite, todo Arkham decatouse de que unha gran pedra caera do ceo e ficara chantada na terra, xunto ao pozo da casa de Nahum Gardner. A casa que se alzaba no lugar que agora ocupaba o baldío murcho.

Nahum fora á vila contar o da rocha e ao pasar ante a casa de Ammi Pierce contárallo tamén. Naquela época Ammi tiña corenta anos e todos os estraños acontecementos estaban profundamente gravados no seu cerebro. Ammi e mais a súa muller acompañaron a tres profesores da Universidade de Miskatonic que se presentaron á mañá seguinte para ver o fantástico visitante que procedía do descoñecido espazo estelar, e

preguntaron como era que Nahum dixera, o día antes, que era moi grande. Nahum, sinalando a mole parda que estaba xunto ao seu pozo, dixo que encollera. Pero os sabios retrucaron que as pedras non encollen. A súa calor irradiaba con forza e Nahum declarou que brillara debilmente toda a noite. Os profesores golpearon a pedra cun martelo de xeólogo e descubriron que era sorprendentemente branda. En realidade, era tan branda como se fose artificial, e arrincaron, máis ben que escoplearon, unha mostra para levala á Universidade a fin de comprobar a súa natureza. Tiveron que metela nun caldeiro que lle pediron prestado a Nahum, xa que o pequeno fragmento non perdía calor. Na súa viaxe de regreso detivéronse a descansar na casa de Ammi e pareceron quedar pensativos cando a señora Pierce observou que o fragmento estaba a se facer máis pequeno e empezara a queimar o fondo do cubo. Realmente non era moi grande, pero quizais colleran un anaco menor do que supuxeran.

Ao día seguinte –todo isto ocorría no mes de xuño de 1882–, os profesores presentáronse de novo, moi excitados. Ao pasar pola casa de Ammi contáronlle o que sucedera coa mostra, dicindo que desaparecera por completo cando a introduciron nun recipiente de cristal. O recipiente tamén desaparecera e os profesores falaban da estraña afinidade da pedra co silicio. Reaccionara dun xeito incribel naquel laboratorio perfectamente ordenado, sen sufrir ningunha modificación nin expeler ningún gas ao ser quentada ao carbón, mostrándose completamente negativa ao ser tratada con bórax e revelándose absolutamente non volátil a calquera temperatura, incluíndo a do soprete de oxihidróxeno. Na bigornia demostrouse como moi maleábel e na escuridade a súa luminosidade era moi notábel. Negándose a arrefriar, provocou unha grande excitación entre os profesores, e cando

ao ser quentada ante o espectroscopio mostrou unhas brillantes bandas distintas ás de calquera cor coñecida do espectro normal, falouse de novos elementos, de raras propiedades ópticas, e de todas aquelas cousas que os intrigados homes de ciencia adoitan dicir cando se enfrontan co descoñecido.

Quente como estaba, foi comprobada nun crisol con todos os reactivos axeitados. A auga non fixo nada. Nin o ácido clorhídrico. O ácido nítrico e mesmo a auga rexia limitáronse a escorregar sobre a súa tórrida invulnerabilidade. Ammi atopouse con algunhas dificultades para lembrar todas aquelas cousas, pero recoñeceu algúns disolventes a medida que llos mencionaba na habitual orde de utilización: amoníaco e sosa cáustica, alcol e éter, bisulfito de carbono e unha ducia máis; pero, a pesar de que o peso ía diminuindo co paso do tempo, e de que o fragmento parecía arrefriar lixeiramente, os disolventes non experimentaron ningún cambio que demostrase que atacaran a sustancia. Desde logo, tratábase dun metal. Era magnético en grao extremo e despois da súa inmersión nos disolventes ácidos parecían existir leves pegadas da presenza de ferro meteórico, de acordo cos datos de Widmanstalten. Cando o arrefriado era xa considerábel colocaron o fragmento nun recipiente de cristal para continuar as probas e á mañá seguinte, fragmento e recipiente desapareceran sen deixar rastro, e unicamente un chamuscado sinal no andel de madeira onde os deixaron probaba que estivera realmente alí.

Isto foi o que os profesores lle contaron a Ammi mentres descansaban na súa casa, e unha vez máis foi con eles ver o pétreo mensaxeiro das estrelas, aínda que nesta ocasión a súa esposa non os acompañou. Comprobaron que a pedra encollera realmente e nin sequera os máis escépticos dos profesores puideron dubidar do que

estaban a ver. Arredor da masa parda situada xunto ao pozo había un espazo baleiro, un espazo que era medio metro maior que o día anterior. Estaba aínda quente e os sabios estudaron a súa superficie con curiosidade mentres separaban outro fragmento moito maior que o que levaran. Esta vez profundaron máis na masa de pedra, e deste xeito puideron decatarse de que o núcleo central non era completamente homoxéneo.

Deixaran ao descuberto o que parecía ser a cara exterior dun glóbulo encaixado na sustancia. A cor, parecida á das bandas do estraño espectro do meteoro, era case imposíbel de describir e só por analoxía se atreveron a chamala cor. A súa contextura era brillante e parecía quebradiza e oca. Un dos profesores golpeou lixeiramente o glóbulo cun martelo, e estalou cun leve ruído. Do seu interior non saíu nada e o glóbulo desvaneceuse como por encantamento, deixando un espazo esférico duns oito centímetros de diámetro. Os profesores pensaron que era probábel que atopasen outros glóbulos a medida que a sustancia envolvente se fose fundindo.

A conxectura era equivocada, xa que os investigadores non conseguiron atopar outro glóbulo, a pesar de que tradearon a masa por diversos lugares. En consecuencia, decidiron levar a nova mostra que recolleran e cuxa conduta no laboratorio foi tan desconcertante como a da súa predecesora. Á parte de ser case plástica, de ter calor, magnetismo e lixeira luminosidade, de arrefriar levemente en poderosos ácidos, de perder peso e volume no ar e de atacar os compostos de silicio co resultado dunha mutua destrución. A pedra non presentaba características de identificación e ao fin das probas, os científicos da Universidade víronse obrigados a recoñecer que non podían clasificala. Non era nada deste planeta, senón un anaco do espazo exterior e, como

tal, estaba dotado de propiedades exteriores e descoñecidas e obedecía a leis exteriores e descoñecidas.

Aquela noite houbo unha treboada e cando os profesores acudiron á casa de Nahum ao día seguinte, atopáronse cunha sorpresa pouco agradábel. A pedra, magnética como era, debía de posuír algunha peculiar propiedade eléctrica xa que atraera os raios, como dixo Nahum, cunha singular persistencia. No espazo dunha hora o granxeiro viu como os raios ferían seis veces a masa que se atopaba xunto ao pozo, e ao cesar a tormenta descubriu que a pedra desaparecera. Os científicos, profundamente decepcionados logo de comprobar o feito da total desaparición, decidiron que o único que podían facer era regresar ao laboratorio e continuar analizando o fragmento que levaran o día anterior e que como medida de precaución encerraran nunha caixa de chumbo. O fragmento durou unha semana, transcorrida a cal non se chegou a ningún resultado positivo. A pedra desapareceu, sen deixar ningún residuo, e co tempo os profesores apenas crían que viran realmente aquel misterioso vestixio dos insondáveis abismos exteriores, aquela única e fantástica mensaxe doutros universos e outros reinos de materia, enerxía e entidade.

Como era lóxico, os xornais de Arkham falaron moito do incidente e enviaron os seus reporteiros a entrevistar a Nahum e á súa familia. Un rotativo de Boston enviou tamén un xornalista e Nahum converteuse rapidamente nunha especie de celebridade local. Era un home delgado, duns cincuenta anos, que vivía coa súa muller e os seu tres fillos do que cultivaba no val. El e mais Ammi facíanse frecuentes visitas, o mesmo que as súas esposas. E Ammi só tiña frases de eloxio para el despois de todos aqueles anos. Parecía estar orgulloso da atención que espertara o lugar e nas semanas que seguiron á súa aparición e desaparición falou

con frecuencia do meteorito. Os meses de xullo e agosto foron cálidos e Nahum traballou arreo nos seus campos, e as angueiras agrícolas cansárono máis do que o cansaran outros anos, polo que chegou á conclusión de que os anos empezaran a pesarlle.

Logo chegou a época da colleita. As peras e mazás maduraban lentamente e Nahum aseguraba que os seus hortos tiñan un aspecto máis florecente que nunca. A froita medraba até alcanzar un tamaño fenomenal e un brillo inusitado, e a súa abundancia era tal que Nahum tivo que comprar uns poucos bocois máis a fin de poder gardar a futura colleita. Pero coa maduración chegou unha sorpresa pouco agradábel, xa que toda aquela froita de opulenta presenza resultou imposíbel de comer. No canto do delicado sabor das peras e mazás, a froita tiña un amargor insoportábel. O mesmo ocorreu cos melóns e os tomates, e Nahum viu con tristeza como se perdía toda a súa colleita. Buscando unha explicación a aquel feito, non tardou en declarar que o meteorito envelenara o chan, e deu grazas ao ceo porque a maior parte das outras colleitas estivesen nas terras altas ao longo do camiño.

O inverno presentouse moi pronto e foi moi frío. Ammi vía a Nahum con menos frecuencia que de costume e observou que empezaba a ter un aspecto preocupado. Tamén o resto da familia adquirira un aquel silandeiro e foron rareando as súas visitas á igrexa e a súa asistencia aos diversos acontecementos sociais da comarca. Non puido atoparse ningún motivo para aquela reserva ou melancolía, aínda que todos os habitantes da casa daban mostras de cando en cando dun empeoramento no seu estado de saúde física e mental. Isto fíxose máis evidente cando o propio Nahum declarou que estaba preocupado por certas pegadas de pasos que vira na neve. Tratábase das habituais pegadas invernais dos esquíos vermellos, dos coellos brancos e dos

raposos, pero o caviloso granxeiro afirmou que atopaba algo raro na natureza e disposición daquelas pegadas. Non foi máis explícito, mais parecía crer que non era característica da anatomía e os costumes de esquíos e coellos e raposos. Ammi non fixo moito caso de todo aquilo até unha noite que pasou por diante da casa de Nahum na súa zorra, no seu camiño de regreso de Clark's Corners. No ceo brillaba a lúa e un coello cruzou correndo o camiño, mais os seus saltos eran máis longos do que lles gustou a Ammi e ao seu cabalo. Este último, en realidade, encirraríase se o seu dono non empuñase as rendas con man firme. A partir de entón, Ammi mostrou un maior respecto polas historias que contaba Nahum e preguntouse por que os cans de Gardner parecían estar tan asustados e trémulos cada mañá. Mesmo perderan o ánimo para ladrar.

No mes de febreiro os mozos de McGregor, de Meadow Hill, saíron cazar marmotas, e non lonxe das terras de Gardner capturaron un exemplar moi especial. As proporcións do seu corpo parecían lixeiramente alteradas dun xeito moi raro, imposíbel de describir, en tanto que o seu rostro tiña unha expresión que até entón ninguén vira no rostro dunha marmota. Os mozos quedaron realmente asustados e tiraron o animal decontado, de xeito que pola comarca só circulou a grotesca historia que os mesmos mozos contaron. Pero isto, unido á historia do coello que asustaba os cabalos nas inmediacións da casa de Nahum, deu pé a que empezase a tomar corpo unha lenda murmurada a media voz.

A xente aseguraba que a neve se fundira moito máis rapidamente nos arredores da casa de Nahum que noutras partes e a principios de marzo produciuse unha axitada discusión na tenda de Potter, de Clark's Corners. Stephen Rice pasara polas terras de Gardner á primeira hora

da mañá e decatouse de que unha herba fétida empezaba a medrar en todo o chan lamacente. Até entón non se vira herba fétida daquel tamaño e a súa cor era tan rara que non podía ser descrita con palabras. As súas formas eran monstruosas e o cabalo rinchara amedrentado ante a presenza dun fedor que feriu tamén desagradabelmente o olfacto de Stephen. Aquela mesma tarde, varias persoas foron ver cos seus propios ollos aquela anomalía e todas estiveron de acordo en que as plantas daquela clase non podían medrar nun mundo saudábel. Mencionáronse de novo os froitos amargos do outono anterior e correu na fala da xente que as terras de Nahum estaban empezoñadas. Desde logo, tratábase do meteorito, e lembrando o estraño que lles pareceu aos homes da Universidade, varios granxeiros faláron do asunto con eles.

Un día fixeron unha visita a Nahum, pero como se trataba duns homes que non prestaban crédito con facilidade ás lendas, as súas conclusións foron moi conservadoras. As plantas eran raras, desde logo, pero toda a herba fétida é máis ou menos rara na súa forma e na súa cor. Quizais algún elemento mineral do meteorito penetrara na terra, pero non tardaría en desaparecer. E en canto ás pegadas na neve e aos cabalos asustados... tratábase unicamente de rumores sen fundamento que naceran a consecuencia da caída do meteorito. Pero uns homes serios non podían ter en conta os rumores dos campesiños, xa que os supersticiosos labradores din e cren calquera cousa. Ese foi o veredicto dos profesores arredor dos días estraños. Só un deles, encargado de analizar dúas redomas de po no curso dunha investigación policial ano e medio máis tarde, lembrou que a estraña cor da herba fétida era moi parecida á das insólitas bandas de luz que revelou o fragmento do meteoro no espectroscopio da Universidade, e ao do glóbulo que atoparan no interior da pedra. Na análise que o mencionado profesor

levou a cabo, as mostras revelaron ao principio as mesmas bandas insólitas, aínda que máis tarde perderon a propiedade.

As árbores floreceron prematuramente arredor da casa de Nahum e pola noite mexíanse ominosamente ao vento. O segundo fillo de Nahum, Thaddeus, un raparigo de quince anos, xuraba que as árbores se mexían tamén cando non ía vento; pero nin sequera os máis falabaratos deron creto a isto. Desde logo, no ambiente había algo raro. Toda a familia Gardner desenvolveu o costume de quedar escoitando, aínda que non esperaban ouvir ningún son ao que puidesen dar nome. O que escoitaban era en realidade resultado de momentos en que a conciencia parecía desvanecerse neles. Desgraciadamente, eses momentos eran máis frecuentes a medida que pasaban as semanas, até que a xente empezou a murmurar que toda a familia Nahum estaba mal da cabeza. Cando saíu a primeira saxífraga, a súa cor era tamén moi estraña; non completamente igual ao da herba fétida, pero indubidablemente afín a ela e igualmente descoñecida para calquera que a vise. Nahum colleu algúns gromos e levounos a Arkham para ensinalos ao editor de *La Gazette*, pero aquel tipo limitouse a escribir un artigo humorístico sobre eles, ridiculizando os temores e as supersticións dos campesiños. Foi un erro de Nahum contarlle a un estólido cidadán a conduta que observaban as bolboretas, tamén de gran tamaño, en relación con aquelas saxífragas.

Abril achegou unha especie de tolemia ás xentes da comarca e empezaron a deixar de utilizar o camiño que pasaba polos terreos de Nahum, até abandonalo por completo. Era a vexetación. Os gomos das árbores tiñan unhas estrañas cores e a través do chan de pedra do patio e nos prados contiguos medraban unhas plantas que só un botánico podía relacionar coa flora da rexión. Pero o máis raro de todo era o

colorido, que non correspondía a ningún dos matices que o ollo humano vira até entón. Plantas e arbustos convertéronse nunha sinistra ameaza, crescendo insolentemente na súa cromática perversión. Ammi e os Gardner opinaron que as cores tiñan para eles unha especie de inquietante familiaridade e chegaron á conclusión de que lles lembraban ao glóbulo que fora descuberto dentro do meteoro. Nahum labrou e sementou os dez acres de terreo que posuía na parte alta, sen tocar os terreos que rodeaban a súa casa. Sabía que sería traballo perdido e tiña a esperanza de que aquelas estrañas herbas que estaban a medrar arrincarían toda a pezoña do chan. Agora estaba preparado para calquera cousa, por inesperada que puidese parecer, e afíxose á sensación de que preto del había algo que esperaba ser ouvido. Ao ver que os veciños non se achegaban pola súa casa molestouse, desde logo; pero afectou aínda máis á súa esposa. Os mozos non o notaron tanto porque ían á escola todos os días; pero non puideron evitar decatarse das murmuracións, que os asustaron un pouco, especialmente a Thaddeus, que era un raparigo moi sensíbel.

En maio chegaron os insectos e a propiedade de Gardner converteuse nun lugar de pesadelo, cheo de zunidos e de seseos. A maioría daqueles animais tiñan un aspecto insólito e movíanse dun xeito moi raro, e os seus costumes nocturnos contradicían todas as experiencias anteriores. Os Gardner colleron o hábito de manterse vixiantes durante a noite. Miraban en todas as direccións en busca de algo..., aínda que non podían dicir que era. Foi entón cando comprobaron que Thaddeus estivera no certo ao falar do que ocorría coas árbores. A señora Gardner foi a primeira en comprobalo unha noite que se atopaba na xanela do cuarto contemplando a silueta dunha árbore que se recortaba contra un ceo iluminado pola lúa. As súas pólas

estaban a moverse e non corría o menor sopro de vento. Cousa da seiva, seguramente. As cousas máis estrañas resultaban agora normais. Porén, o seguinte descubrimento non foi obra de ningún membro da familia Gardner. Familiarizáronse co anormal até o punto de non se decatarse de moitos detalles. E o que eles non foron capaces de ver foi observado por un viaxante de comercio de Boston, que pasou por alí unha noite, ignorante das lendas que corrían pola rexión. O que contou en Arkham apareceu nun breve artigo publicado por *La Gazette*, que todos os granxeiros, incluído Nahum, se botaron primeiro aos ollos. A noite fora escura, pero arredor dunha granxa do val, que todo o mundo soubo que se trataba da granxa de Nahum, a escuridade era menos mesta. Unha leve aínda que visíbel fosforescencia parecía xurdir de toda a vexetación e nun momento determinado un anaco daquela fosforescencia deslizouse furtivamente polo patio que había preto do celeiro.

Os pastos non parecían sufrir os efectos daquela insólita situación e as vacas pacían libremente preto da casa, pero contra finais de maio o leite empezou a ser malo. Entón Nahum levou as vacas pacer ás terras altas e o leite volveu ser bo. Pouco despois, o cambio na herba e nas follas, que mesmo entón se mantiveron normalmente verdes, puido apreciarse a simple vista. Todas as hortalizas adquiriron unha cor agrisada e un aspecto quebradizo. Ammi era agora a única persoa que visitaba os Gardner, mais as súas visitas foron rareando máis e máis. Cando pecharon a escola por vacacións, os Gardner quedaron virtualmente illados do mundo e ás veces encargaban a Ammi que lles fixese as súas compras na vila. Continuaban murchando física e mentalmente, e ninguén quedou sorprendido cando circulou a noticia de que a señora Gardner se volvera tola.

Isto ocorreu en xuño, arredor do aniversario da caída do meteoro, e a pobre muller empezou a berrar que vía cousas no ar, cousas que non podía describir. No seu desvarío non pronunciaba ningún nome propio, senón soamente verbos e pronomes. As cousas movíanse e cambiaban e voaban, e os ouvidos reaccionaban a impulsos que non eran sons por completo. Nahum non a enviou ao manicomio do condado, senón que deixou que vagabundeara pola casa mentres fose inofensiva para si mesma e para os demais. Cando o seu estado empeorou non fixo nada. Pero cando os mozos empezaron a asustarse e Thaddeus case se desmaiou ao ver a expresión do rostro da súa nai ao miralo, Nahum decidiu encerrala no faiado. En xullo, a señora Gardner deixou de falar e empezou a arrastrarse de poutelas, e antes de terminar o mes, Nahum decatouse de que a súa esposa era lixeiramente luminosa na escuridade, tal como ocorría coa vexetación dos arredores da casa.

Isto sucedeu un pouco antes de que os cabalos se desen á fuga. Algo espertounos durante a noite e os seus rinchos e couces foran algo terríbel. Á mañá seguinte, cando Nahum abriu a porta do cortello, os animais saíron disparados como alma que leva o demo. Nahum tardou unha semana en localizar os catro, e cando os atopou viuse obrigado a matalos porque se volveran tolos e non había quen os guiase. Nahum pediulle prestado un cabalo a Ammi para carrexar a herba seca, pero o animal non quixo achegarse ao celeiro. Piafou, enrabechouse e rinchou, e ao final tiveron que deixalo no patio, mentres os homes arrastraban o carro até situalo xunto ao celeiro. Namentres, a vexetación ía tomándose gris e quebradiza. Incluso as flores, cuxas cores foran tan estrañas, volvíanse grises agora, e a froita era gris e anana e insípida. As xariñas e o trevo dourado deron flores grises e deformes, e as rosas, as arzolas e as malvas do patio dianteiro tiñan un aspecto tan horrendo que

Zenas, o maior dos fillos de Nahum, cortounas todas. Ao mesmo tempo foron morrendo todos os insectos, incluso as abellas que abandonaran as súas colmeas.

En setembro toda a vexetación se desfixera converténdose nun po agrisado, e Nahum temeu que as árbores morresen antes de que a pezoña se desvanecese do chan. A súa esposa tiña agora accesos de furia, durante os cales profería uns berros terríbeis, e Nahum e os seus fillos vivían nun estado de perpetua tensión nerviosa. Non se trataban xa con ninguén e cando a escola volveu abrir as súas portas os mozos non acudiron a ela. Foi Ammi, nunha das súas raras visitas, quen descubriu que a auga do pozo xa non era boa. Tiña un gusto do demo que non era exactamente fétido nin exactamente salgado, e Ammi aconsellou ao seu amigo que furase outro pozo nas terras altas para utilizalo até que o chan volvесе ser bo. Así e todo, Nahum non fixo o menor caso daquel consello, xa que chegara inmunizarse contra as cousas raras e desagradábeis. El e mais os seus fillos seguiron utilizando a auga do pozo, bebéndoa coa mesma indiferenza con que comían os seus escasos e mal cocidos alimentos e coa que realizaban as súas improdutivas e monótonas tarefas a través duns días sen obxectivo. Había algo de estólida resignación en todos eles, como se andasen noutro mundo entre fileiras de anónimos gardiáns cara a un lugar familiar e seguro.

Thaddeus volveuse tolo en setembro, despois dunha visita ao pozo. Fora alí cun caldeiro e regresara coas mans baleiras, encollendo e estendendo os brazos e murmurando algo sobre «as cores móbiles que hai alí abaixo». Dous tolos nunha familia representaban un grave problema, pero Nahum portouse con valentía. Deixou que o raparigo se movese ao seu antollo durante unha semana, até que empezou a

comportarse de xeito perigoso. Daquela encerrouno no faio, fronte o cuarto que ocupaba a súa nai. O modo en que se gritaban un ao outro desde detrás das súas portas fechadas era algo terríbel, especialmente para o pequeno Merwin, que imaxinaba que a súa nai e o seu irmán falaban nalgunha linguaxe aterrecedora que non era deste mundo. Merwin estaba a converterse nun raparigo perigosamente imaxinativo e o seu estado empeorou desde que encerraron ao irmán que fora o seu mellor compañeiro de xogos.

Case ao mesmo tempo empezou a mortalidade entre o gando. As aves de curral adquiriron unha cor gris e morreron axiña. Os porcos engordaron de xeito desordenado e logo empezaron a experimentar cambios noxentos que ninguén podía explicar. A súa carne non se podía aproveitar, desde logo, e Nahum non sabía que pensar nin que facer. Ningún veterinario rural quixo achegarse á súa casa e o de Arkham quedou francamente desconcertado. A cousa resultaba tanto máis inexplicábel por canto aqueles animais non foran alimentados coa vexetación empezoñada. Logo chegoulles a quenda ás vacas. Certas zonas e ás veces o corpo enteiro apareceron anormalmente inchadas ou comprimidas, e aqueles síntomas foron seguidos de atroces colapsos ou desintegracións. Nas últimas fases, que terminaban sempre coa morte, adquirían unha cor agrisada e un aspecto quebradizo, tal como ocorrera cos porcos. No caso das vacas non podía falarse de veneno, xa que estaban encerradas no cortello. Ningunha mordedura dun animal salvaxe podía inocular o virus, xa que non hai ningún animal terrestre que poida pasar a través de obstáculos sólidos. Debía de tratarse dunha enfermidade natural..., aínda que resultaba imposíbel conxectar que clase de enfermidade producía aqueles resultados arrepiantes. Na época da colleita non quedaba ningún animal vivo na casa, xa que o gando e as

aves de curral morreran e os cans fuxiran. Os cans, tres en concreto, desapareceran unha noite e non volveron aparecer. Os cinco gatos marcharon un pouco antes, pero a súa desaparición apenas foi notada, xa que na casa non había agora ratos e unicamente a señora Gardner sentía certo afecto polos michos.

O 19 de outubro Nahum presentouse na casa de Ammi con novas espantosas. A morte sorprendera o pobre Thaddeus no seu cuarto do ático e fixérao dun xeito que non podía ser contado. Nahum cavara unha tumba na parte traseira da granxa e metera alí o que atopou no cuarto. Alí non podía entrar ninguén, xa que a pequena xanela enreixada e a fechadura da porta estaban intactas, pero o sucedido tiña moitos puntos de contacto co ocorrido no cortello. Ammi e a súa esposa consolaron o atribulado granxeiro o mellor que puideron, aínda que non conseguiron evitar un arreguizo. O horror parecía roldar arredor dos Gardner e de todo o que tocaban, e a soa presenza dun deles na casa era como un sopro de rexións sen nome. Ammi acompañou a Nahum ao seu fogar de moi mala gana e fixo o que puido por acougar os histéricos saloucos do pequeno Merwin. Zenas non necesitaba ser acougado. Atopábase nun estado de completo atordamento e limitábase a mirar fixamente un punto indeterminado do espazo e a obedecer o que o seu pai lle ordenaba. E Ammi pensou que ese estado de abulia era o mellor que podía ocorrerlle. De cando en cando os berros de Merwin eran contestados desde o ático, e en resposta a unha mirada interrogadora Nahum dixo que a súa esposa estaba moi feble. Cando se achegaba a noite, Ammi apañouse para marchar, xa que ningún sentimento de amizade podía facerlle permanecer naquel lugar cando a vexetación empezaba a brillar debilmente e as árbores podían ou non moverse sen que soprase o vento. Era unha verdadeira sorte para Ammi o feito de

que non fose unha persoa imaxinativa. De selo, de poder relacionar e reflexionar sobre todos os portentos que o rodeaban, non cabe dúbida de que perdería a cabeza. Á hora do crepúsculo regresou apresuradamente á súa casa, sentindo resoar terriblemente nos seus ouvidos os berros da tola e do pequeno Merwin.

Tres días máis tarde Nahum presentouse na casa de Ammi moi de mañá, e en ausencia do seu anfitrión contoulle á señora Pierce unha historia horrível que ela escoitou tremendo de medo. Esta vez tratábase do pequeno Merwin. Desaparecera. Saíra da casa cando xa era de noite cun farol e un cubo para traer auga, e non regresara. Había días que o seu estado non era normal e asustábase de todo. O pai ouviu un frenético berro no patio, pero cando abriu a porta e asomou o raparigo desaparecera. Non se vía nin rastro del e en ningures brillaba o farol que se levara. Naquel momento Nahum creu que o farol e o cubo desapareceran tamén; pero ao facerse de día, e ao regreso da súa procura de toda a noite por campos e bosques, Nahum descubrira unhas cousas moi raras preto do pozo: unha masa de ferro retorta e medio fundida, que fora indubidabelmente o farol, e xunto a ela unha asa dobrada xunto a outra masa de ferro, tamén retorta e a medio fundir, que correspondía ao caldeiro. Iso foi todo. Nahum imaxinaba o inimaxinábel. A señora Pierce estaba como atordada e Ammi, cando chegou á casa e ouviu a historia, non puido dar ningunha opinión. Merwin desaparecera e sería inútil dicirllo á xente que vivía naqueles arredores e que fuxían dos Gardner como da peste. Tan inútil como dicirllo aos cidadáns de Arkham que rían de todo. Thad desaparecera, e agora desaparecera Merwin. Algo estaba a se arrastrar, esperando ser visto e ouvido. Nahum non tardaría en morrer e desexaba que Ammi velase pola súa esposa e por Zenas, se é que o sobrevivían. Todo aquilo

era un castigo dalgunha clase, aínda que Nahum non podía adiviñar a que se debía, xa que sempre vivira no santo temor de Deus.

Durante máis de dúas semanas, Ammi non tivo ningunha noticia de Nahum; e entón, preocupado polo que puidese ocorrer, dominou os seus temores e efectuou unha visita á casa dos Gardner. Da cheminea non saía fume e por uns instantes o visitante temeu o peor. O aspecto da granxa era impresionante: herba e follas agrisadas no chan, viñas caendo en anacos de arcaicas paredes e beirados, e enormes árbores espidas recortándose malignamente contra o ceo gris de novembro. Ammi non puido deixar de notar que se producira un sutil cambio na inclinación das pólas. Pero Nahum estaba vivo, despois de todo. Estaba moi feble e repousaba nun catre na cociña de teito baixo, pero conservaba a lucidez e seguía dando ordes a Zenas. A estancia estaba mortalmente fría e ao ver que Ammi se estremecía, Nahum berrou a Zenas que trouxese máis leña. A leña, en realidade, era moi necesaria, xa que o cavernoso fogar estaba apagado e baleiro, e o vento que se escoaba pola cheminea abaixo era xeado. De súpeto, Nahum preguntoulle se a leña que trouxera o seu o facía sentirse máis cómodo, e entón Ammi decatouse de que ocorrera. Finalmente, a mente do granxeiro deixara de resistir a intensa presión dos acontecementos.

Interrogando discretamente o seu veciño, Ammi non conseguiu pór en claro o que lle sucedera a Zenas. «No pozo... Vive no pozo...», foi todo o que o seu pai dixo.

Daquela o visitante lembrou de súpeto a esposa tola e cambiou de tema. «Nabby? Está aquí, desde logo...», foi a sorprendida resposta do pobre Nahum e Ammi non tardou en decatarse de que tería que investigar por si propio. Deixando o inofensivo granxeiro no seu catre, colleu as chaves que estaban colgadas detrás da porta e subiu os

renxentes chanzos que conducían ao ático. A parte alta da casa estaba completamente silenciosa e non se ouvía o menor ruído en ningunha dirección. Das catro portas á vista, só unha estaba fechada, e nela probou Ammi varias chaves do feixe que collera. Á terceira tentativa a fechadura virou e Ammi empuxou a porta pintada de branco.

O interior da estancia estaba completamente ás escuras, xa que a xanela era moi pequena e estaba medio tapada polas reixas de ferro; e Ammi non puido ver absolutamente nada. O aire estaba moi viciado e antes de seguir adiante tivo que entrar noutro cuarto e encher os pulmóns de aire respirábel. Cando volveu entrar viu algo escuro nun recuncho, e ao achegarse non puido evitar un berro de espanto. Mentres gritaba creu que unha nube momentánea tapara a escasa claridade que penetraba pola xanela e un segundo despois sentiuse rozado por unha espantosa corrente de vapor. Unhas estrañas cores danzaron ante os seus ollos e se o horror que experimentaba naqueles momentos non lle impedise coordinar as ideas lembraría o glóbulo que o martelo de xeólogo esmagara no interior do meteorito, e a malsá vexetación que medrara durante a primavera. Pero, no estado en que se achaba, só puido pensar na horríbel monstruosidade que tiña enfronte, e que sen ningunha dúbida compartira a descoñecida sorte do mozo Thaddeus e do gando. Pero o máis terríbel de todo era que aquel horror se movía lenta e visibelmente mentres continuaba esnaquizándose.

Ammi non me deu máis detalles daquela escena, pero a forma da esquina non volveu aparecer no seu relato como un obxecto que se move. Hai cousas que non poden ser mencionadas, e o que se fai por humanidade é ás veces cruelmente xulgado pola lei. Comprendín que naquela estancia do faio non quedou nada que se move e que non deixar alí nada capaz de moverse debeu de ser algo horripilante e capaz

de carrexar un tormento eterno. Calquera, non tratándose dun estólido granxeiro, se esvaecería ou tolearía, pero Ammi volveu cruzar o limiar da porta pintada de branco e encerrou o espantoso segredo detrás del. Agora debía ocuparse de Nahum; este tiña que ser alimentado e atendido, e trasladado a algún lugar onde puidesen coidalo.

Cando empezaba a baixar a escura escaleira, Ammi ouviu un estrépito debaixo del. Mesmo lle pareceu ouvir un berro e lembrou nerviosamente a corrente de vapor que o rozara mentres se achaba no cuarto do ático. Oprimido por un vago temor, ouviu máis rúidos debaixo. Indubidabelmente estaban a arrastrar algo pesado, e ao mesmo tempo ouvíase un son aínda máis desagradábel, como o que produciría unha forte succión. Sentindo aumentar o seu terror, pensou no que vira no ático. Santo ceo! En que fantástico mundo de pesadelo penetrara? Non se atreveu a avanzar nin a retroceder, e permaneceu inmóbil, tremendo, na negra curva do relanzo da escaleira. Cada detalle da escena estalaba de novo no seu cerebro.

De súpeto ouviuse un frenético rincho proferido polo cabalo de Ammi, seguido decontado por un ruído de cascos que falaba dunha precipitada fuxida. Logo dun intre, cabalo e carruaxe estaban fóra do alcance do ouvido, deixando o asustado Ammi, inmóbil na escura escaleira, a tarefa de conxectar que podía impulsalos a desaparecer tan repentinamente. Pero aquilo non foi todo. Produciuse outro ruído fóra da casa. Unha especie de chapucar na auga..., debera de vir do pozo. Ammi deixara a Hero desatado preto do pozo e algún animalíño debera de meterse entre as súas patas, asustándoo, e deixándose caer despois no pozo. E a casa seguía brillando cunha pálida fosforescencia. Meu Deus! Que antiga era a casa! A maior parte dela edificada antes de 1670, e o tellado holandés máis tarde de 1730.

Naquel momento ouviuse o ruído de algo que se arrastraba polo chan da planta baixa e Ammi apertou con forza o pau que collera no ático sen ningún propósito determinado. Procurando dominar os seus nervios, terminou o seu descenso e dirixiuse á cociña. Pero non chegou a ela, xa que o que buscaba non estaba xa alí. Saíra ao seu encontro e até certo punto estaba aínda vivo. Se se arrastrara ou se fora arrastrado por forzas externas, é cousa que Ammi non pode dicir; pero a morte tomara parte niso. Todo ocorrera durante a última media hora, pero o proceso de desintegración estaba xa moi avanzado. Había alí unha horribel fragilidade, debida ao quebradizo da materia, e do corpo desprendíanse fragmentos secos. Ammi non puido tocalo, limitándose a contemplar arrepiado a retorta caricatura do que fora un rostro. «Que pasou, Nahum..., que pasou?», murmurou, e os gretados e tumefactos beizos apenas puideron murmurar unha resposta final.

«Nada..., nada...; a cor... queima...; frío e húmido, pero queima...; vive no pozo..., vino..., unha especie de fume... igual que as flores da pasada primavera...; o pozo brilla pola noite... levou a Thad, e a Merwin, e a Zenas..., todas as cousas vivas...; zuga a vida de todas as cousas...; naquela pedra tivo que chegar naquela pedra...; esmagárona...; era a mesma cor..., a mesma, como as flores e as plantas...; ten que haber máis...; creceron..., vino esta semana...; tivo que darlle forte a Zenas...; era un mozo forte, cheo de vida...; golpéalle a un a mente e logo apodérase del...; queima moito...; na auga do pozo...; non poden sacalo de alí..., afogalo... Levou tamén a Zenas...; tiñas razón...; a auga está enmeigada... Como está Nabby, Ammi?... A miña cabeza non funciona...; non sei canto hai que non lle subín comida...; a cousa atacouna tamén a ela...; a cor...; o seu rostro ten a mesma cor polas noites..., e a cor queima e sorbe; procede dalgún lugar onde as cousas

non son como aquí...; un dos profesores díxoo...; tiña razón, mira, Ammi, está a sorber máis..., sorbendo a vida...»

Pero iso foi todo. A cousa que falara non podía falar máis porque se encolleu completamente. Ammi cubriuno cun mantel a cadros brancos e vermellos e saíu da casa pola porta traseira. Rubiu pola aba que conducía ás terras altas e regresou ao seu fogar polo camiño do Norte e os bosques. Non puido pasar xunto ao pozo do o que fuxira o seu cabalo. Mirou cara ao pozo a través dunha xanela e lembrou o chapuzar que ouvira..., o chapuzar de algo que se mergullara no pozo despois do que fixera co pobre Nahum...

Cando Ammi chegou á súa casa atopouse con que o cabalo e a carruaxe o precederan. A súa esposa agardábao chea de ansiedade. Despois de tranquilizala, sen darlle ningunha explicación, dirixiuse a Arkham e notificou ás autoridades que a familia Gardner xa non existía. Non entrou en detalles, limitándose a falar das mortes de Nahum e de Nabby. A de Thaddeus era xa coñecida, e dixo que a causa da morte parecía ser a mesma estraña doenza que atacara o gando. Tamén dixo que Merwin e Zenas desapareceran. Na xefatura de policía interrogárono un bo anaco e ao final viuse obrigado a acompañar a tres axentes á granxa de Gardner, xuntamente co fiscal, o médico forense e o veterinario que atendera os animais enfermos. Ammi foi con eles de moi mala gana, xa que a tarde estaba moi avanzada e temía que a noite o collese naquel lugar maldito, aínda que era un consolo saber que ía estar acompañado de tantos homes.

O seis homes montaron nun carro, seguindo a carruaxe de Ammi, e chegaron á granxa por volta das catro. Malia que os axentes estaban afeitos a presenciar espectáculos arrepiantes, todos se estremeceron á vista do que atoparon debaixo do mantel a cadros vermellos e brancos, e

no cuarto do ático. O aspecto da granxa, coa súa desolación gris, era xa bastante terríbel, pero aqueles dous obxectos retortos excedían toda medida de horror. Ninguén puido contemplalos máis aló dun par de segundos, e mesmo o médico forense admitiu que alí había moi pouco que examinar. Podían analizarse unhas mostras, desde logo, de modo que el mesmo encargouse de tomalas..., e ao parecer aquelas mostras provocaron o máis grande crebacabezas con que se enfrontase nunca o laboratorio da Universidade. Baixo o espectroscopio, as mostras revelaron un espectro descoñecido, moitas de cuxas bandas eran iguais que as que revelara o estraño meteoro ao ser analizado. A propiedade de emitir aquel espectro desvaneceuse nun mes, e o po consistía principalmente en fosfatos e carbonatos alcalinos.

Ammi non lles falaría do pozo de saber que ían actuar inmediatamente. Achegábase a posta de sol e estaba ansioso por marchar de alí. Pero non puido evitar o dirixir miradas nerviosas ao pozo, cousa que foi observada por un dos policía, quen o interrogou. Ammi admitiu que Nahum tiña medo de algo que estaba escondido no pozo... até o punto de que non se atreveu a comprobar se Merwin ou Zenas caeran dentro. A policía decidiu baleirar o pozo e exploralo decontado, de modo que Ammi tivo que agardar, trémulo, mentres o pozo era baleirado caldeiro a caldeiro. A auga fedía dun xeito insoportábel e os homes tiveron que tapar o nariz cos seus panos para poder terminar a angueira. Menos mal que o traballo non foi tan longo como creran, xa que o nivel da auga era sorprendentemente baixo. Non é necesario falar con demasiados detalles do que atoparon. Merwin e Zenas estaban alí os dous, aínda que os seus restos eran principalmente esqueléticos. Había tamén un pequeno año e un can grande no mesmo estado de descomposición, aproximadamente, e certa cantidade de ósos

de animais máis pequenos. A lama do fondo parecía inexplicabelmente porosa e un home que baixou atado a unha corda, provisto dunha longa pértega atopouse con que podía afundir a pértega na lama en toda a súa lonxitude sen atopar ningún obstáculo.

A noite estaba a botarse enriba e entraron na casa en busca de farois. Logo, cando viron que non podían sacar nada máis do pozo, volveron entrar na casa e conversaron na antiga sala de estar mentres a intermitente claridade dunha espectral media lúa iluminaba a intervalos a gris desolación do exterior. Os homes estaban francamente perplexos ante aquel caso e non podían atopar ningún elemento convincente que relacionase as estrañas condicións dos vexetais, a descoñecida enfermidade do gando e das persoas, e as inexplicábeis mortes de Merwin e Zenas no pozo. Ouviran os comentarios e os rumores da xente, abofé, pero non podían crer que ocorrese algo contrario ás leis naturais. Era evidente que o meteoro empezoñara o chan, pero a enfermidade de persoas e animais que non comeran nada que medrara naquel chan era outra cousa. Tratábase da auga do pozo? Posibelmente. Non sería mala idea analizala. Pero por que singular tolemia se botaron os dous raparigos ao pozo? Actuaran dun xeito moi similar e os seus restos demostraban que os dous padeceran por mor da morte crebadiza e gris. Por que todas as cousas se volvían grises e crebadizas?

O fiscal, sentado xunto a unha xanela que daba ao patio, foi o primeiro en se decatar da fosforescencia que había arredor do pozo. A noite caera por completo e os terreos que rodeaban a granxa parecían brillar debilmente cunha luminosidade que non era a dos raios da lúa. Porén, aquela nova fosforescencia era algo definido e distinto, e parecía xurdir do negro buraco como a claridade apagada dun faro, reflectíndose amortecida nas pequenas charcas que a auga baleirada

formara no chan. A fosforescencia tiña unha cor moi rara e mentres todos os homes se achegaban á xanela para contemplar o fenómeno, Ammi lanzou unha violenta exclamación. A cor daquela fantasmal fosforescencia resultáballe familiar. Víraa antes e sentiuse cheo de temor ante o que podía significar. Víraa naquel horrendo glóbulo quebradizo había dous veráns, víraa na vexetación durante a primavera e crera vela por un instante aquela mesma mañá contra a pequena xanela enreixada do cuarto horrible do ático, onde ocorreran cousas que non tiñan explicación. Brillara alí por espazo dun segundo e unha espantosa corrente de vapor rozáralo..., e logo o pobre Nahum fora arrastrado por algo daquela cor. Nahum dixéralo ao final..., dixera que era como o glóbulo e as plantas. Despois produciuse a fuga no patio e o chapuzar no pozo..., e agora aquel pozo estaba a proxectar á noite un pálido e terrible reflexo da mesma diabólica cor.

Unha proba firme da viveza mental de Ammi é que naquel momento de suprema tensión sentiuse intrigado por algo que era fundamentalmente científico. Preguntouse como era posíbel recibir a mesma impresión dunha corrente de vapor deslizándose en pleno día por unha xanela aberta ao ceo matinal e dunha fosforescencia nocturna proxectándose contra a negra e abatida paisaxe. Non era lóxico..., resultaba antinatural... E entón lembrou as últimas palabras pronunciadas polo seu desgraciado amigo: «Procede dalgún lugar onde as cousas non son como aquí..., un dos profesores díxoo...»

Os tres cabalos que se atopaban no exterior da casa, atados a unhas árbores xunto ao camiño, estaban agora rinchando e couceando freneticamente. O condutor do carro dirixiuse cara á porta para ver que sucedía, pero Ammi apoiou unha man no seu ombreiro.

—Non saia vostede —murmurou—. Non sabemos o que pasa aí fóra. Nahum dixo que no pozo vivía algo que zugaba a vida. Dixo que era algo que xurdira dunha bóla redonda como a que vimos dentro do meteorito que caeu aquí hai máis dun ano. Dixo que queimaba e sorbía, e que era unha nube de cor como a fosforescencia que agora sae do pozo, e que ninguén pode saber o que é. Nahum cría que se alimentaba de todo o vivo e afirmou que o viu a pasada semana. Ten que ser algo caído do ceo, igual que o meteorito, tal como dixeron os profesores da Universidade. A súa forma e os seus actos non teñen nada que ver co mundo de Deus. É algo que procede do máis aló.

De modo que o home detívose, indeciso, mentres a fosforescencia que saía do pozo se tornaba máis intensa e os cabalos couceaban e rinchaban con maior nerviosismo. Foi en verdade un momento arrepiante, cos restos monstruosos de catro persoas —dúas na mesma casa e dúas no pozo—, e aquela descoñecida iridescencia que xurdía das lamacentas profundidades. Ammi fechara o paso ao condutor do carro levado por un repentino impulso, esquecendo que a el mesmo non lle sucedera nada despois de ser rozado por aquela horrenda columna de vapor no cuarto do ático, pero non se arrepentía de facelo. Ninguén podía saber o que había aquela noite no exterior; ninguén podía coñecer a natureza dos perigos que podían asexar a un home enfrontado cunha ameaza completamente descoñecida.

De súpeto, un dos policías que estaba na xanela proferiu unha exclamación. Os demais quedaron mirando para el e logo seguiron a dirección dos ollos do seu compañeiro. Non había necesidade de palabras. O que había de discutíbel nas murmuracións dos campesiños xa non podería ser discutido de aí en diante, porque alí había seis testemuñas de excepción, media ducia de homes que, polas súas

profesi3ns, non crían m3ais que o que v3an cos seus propios ollos. Ante todo 3 necesario deixar sentado que a aquela hora da noite non sopraba vento. Pouco despois empezou a soprar, pero naquel intre o ar estaba completamente quedo. E, con todo, no medio daquela tensa e absoluta calma, as 3rbores do patio estaban a se mover. Mov3anse morbosa e espasm3dicamente, axitando as s3as p3las espidas en convulsivas e epil3pticas sacudidas, cara 3s nubes ba3adas pola luz da l3a; rabu3ando con impotencia o ar inm3bil, como empuxadas por unha misteriosa forza subterr3nea que ascend3a desde debaixo das negras ra3ces.

Por espazo duns segundos todos os homes reunidos na granxa de Gardner contiveron o alento. Logo, unha nube m3ais escura que as demais velou a l3a, e a silueta das axitadas p3las disipouse momentaneamente. Naquel instante un berro de espanto escapou de todas as gorxas, xa que o horror non se desvaneceu coa silueta, e nun pavoroso momento de escuridade m3ais profunda os homes viron retorcerse na copa da m3ais alta das 3rbores, un milleiro de diminutos puntos fosforescentes, brillando como o lume de San Telmo ou como as linguas de lume que descenderon sobre as cabezas dos Ap3stolos o d3a de Pentecost3s. Era unha monstruosa constelaci3n de luces sobrenaturais, como un enxame de lucec3s necr3fagos bailando unha infernal zarabanda sobre unha bra3a maldita; e a s3a cor era a mesma que Ammi chegara a reco3ecer e a temer. Namentres, a fosforescencia do pozo fac3ase cada vez m3ais brillante, infundindo nos homes reunidos na granxa unha sensaci3n de anormalidade que anulaba calquera imaxe que as s3as mentes conscientes puidesen formar. Xa non brillaba: estaba esco3ndose cara a f3ra. E mentres a informe corrente de cor indescrib3bel abandonaba o pozo, parec3a flotar directamente cara ao ceo.

O veterinario estremeceuse e achegouse á porta para botar a dobre barra. Ammi estaba tamén moi impresionado e tivo que limitarse a sinalar coa man, por falta de voz, cando quixo chamar a atención dos demais sobre a crecente luminosidade das árbores. Os rinchos dos cabalos convertéronse en algo espantoso, pero nin un só daqueles homes aventureuse a saír por nada do mundo. O brillo das árbores foi en aumento, mentres as súas inquietas pólas parecían estenderse máis e máis cara á verticalidade. De súpeto produciuse unha intensa conmoción no camiño, e cando Ammi alzou a lámpada para que proxectase un pouco máis de claridade ao exterior, comprobaron que os frenéticos cabalos romperan as súas ataduras e fuxían enlouquecidos co carro.

A impresión serviu para soltar varias linguas e intercambiáronse inquietos murmurios.

—Esténdese sobre todas as cousas orgánicas que hai por aquí — murmurou o médico forense.

Ninguén contestou, pero o home que baixara ao pozo aventureu a opinión de que a súa pértega deba de remover algo intanxíbel.

—Foi algo horrendo —engadiu—. Non había fondo de ningunha clase. Unicamente lama e burbullas, e a sensación de algo oculto debaixo...

O cabalo de Ammi seguía couceando e rinchando desesperadamente no camiño exterior e case afogou o débil son da voz do seu dono mentres este murmuraba as súas reflexións desordeadas.

—Saíu daquela pedra..., foi medrando e alimentándose de todas as cousas vivas...; alimentábase delas, alma e corpo... Thad e Merwin, Zenas e Nabby... Nahum foi o último... Todos beberon auga do...

Apoderouse deles... Chegou do máis aló, onde as cousas non son como aquí..., e agora regresa ao lugar de onde procede...

Naquel momento, mentres a columna de cor descoñecida brillaba con intensidade súbita e empezaba a trenzarse con fantásticas suxestións de forma que cada un dos espectadores describiu máis tarde dun modo distinto, o desgraciado Hero proferiu un ouveo que ningún home ouvira nunca saír da gorxa dun cabalo. Todos os que estaban na casa taparon os ouvidos, e Ammi apartouse da xanela arrepiado. Cando mirou de novo cara ao exterior, o pobre animal xacía inerte no chan bañado pola luz da lúa entre as estaladas varas da carruaxe. E alí quedou até que o enterraron ao día seguinte. Pero o momento presente non permitía entregarse a lamentacións, xa que case no mesmo instante un dos policías chamoulles silenciosamente a atención sobre algo terrível que estaba a suceder no interior do cuarto onde se atopaban. Onde non alcanzaba a claridade da lámpada podía verse unha fosforescencia feble que empezara a invadir toda a estancia. Brillaba no chan de táboas e na alfombra gastada, e resplandecía feblemente nos marcos das pequenas xanelas. Corría dun lado para outro, enchendo portas e mobles. A cada momento facíase máis intensa e ao final fíxose evidente que as cousas vivas debían abandonar decontado aquela casa.

Ammi mostroulles a porta traseira e o camiño que conducía ás terras altas. Avanzaron con paso inseguro, como somnábulo, e non se atreveron a mirar atrás até que chegaron ao camiño do Norte. Ningún deles ousaría pasar polo camiño que discorría xunto ao pozo... Cando miraron atrás, cara ao val e a distante granxa de Gardner, contemplaron un espectáculo arrepiante. Toda a granxa brillaba coa espantosa e descoñecida cor; árbores, edificacións e mesmo a herba que non fora transformada aínda en quebradiza e gris. As pólas estaban todas

estendidas cara ao ceo, coroadas con linguas de lume, e radiantes pingas do mesmo monstruoso lume ardían encima da casa, do celeiro e dos alpendres. Era unha escena dunha visión de Fusell, e sobre todo o resto reinaba aquela bebedeira de luminoso amorfismo, aquel estraño arco iris de misterioso veneno do pozo..., fervendo, saltando, alustrando e gurgullando malignamente no seu cósmico cromatismo irrecoñecíbel.

Logo, de súpeto, a cousa horrenda saíu disparada verticalmente cara ao ceo, como un foguete ou un meteoro, sen deixar ningún rastro detrás dela e desaparecendo a través dun redondo e curiosamente simétrico buraco aberto nas tellas, antes de que ningún dos homes puidese expresar o seu abraio. Ningún espectador podería esquecer nunca aquel espectáculo, e Ammi quedou mirando estupidamente o camiño que seguiu a cor até mesturarse coas estrelas da Vía Láctea. Pero a súa mirada foi atraída decontado cara á terra polo estrépito que acababa de producirse no val. Fora un balbordo e non unha explosión, como afirmaron algúns dos compoñentes do grupo. Pero o resultado foi o mesmo, xa que nun calidoscópico instante a granxa e os seus arredores pareceron estoupar, enviando cara ao cénit unha nube de fragmentos coloreados e fantásticos. Os fragmentos esvaecéronse no ar, deixando unha nube de vapor que ao cabo dun segundo tamén se esvaeceu. Os abraiados espectadores decidiron que non pagaba a pena esperar a que volveuse saír a lúa para comprobar os efectos daquel cataclismo na granxa de Nahum.

Demasiado asustados mesmo para aventurar algunha teoría, os sete homes regresaron a Arkham polo camiño do Norte. Ammi estaba peor que os seus compañeiros e suplicoulles que o acompañasen até a súa casa no canto de dirixirse directamente á vila. Por nada do mundo cruzaría o bosque só a aquela hora da noite. Estaba máis asustado que os

demais porque sufrira unha impresión que os outros se aforraran, e sentíase oprimido por un temor que por espazo de moitos anos non se atreveu a mencionar. Mentres o resto dos espectadores naquel tempestuoso outeiro volveran os seus rostros ao camiño, Ammi mirara cara a atrás por un instante para contemplar o sombrizo val de desolación ao que tantas veces acudira. E vira algo que se alzaba debilmente para afundirse de novo no lugar desde o cal o informe horror saíra disparado cara ao ceo. Era soamente unha cor..., aínda que non era ningunha cor da nosa Terra nin dos ceos. E porque Ammi recoñeceu aquela cor e soubo que os seus últimos e febles restos debían de seguir ocultos no pozo, nunca estivo completamente ben da cabeza desde entón.

Ammi non se achegaría a aquel lugar por nada do mundo. Hai corenta e catro anos que aconteceron os feitos que acabo de narrar, pero Ammi non volveu pisar aquelas terras e alégralle saber que axiña quedarán anegadas polas augas. Tamén a min me alegra a idea, xa que non me gustou nada ver como cambiaba de cor a luz do sol ao reflectirse naquel abandonado pozo. Espero que a auga sexa sempre moi profunda, pero aínda que así sexa nunca a beberei. Non creo que regrese á rexión de Arkham. Tres dos homes que estiveron con Ammi volveron ao día seguinte para ver as ruínas á luz do día, pero en realidade non había tal, unicamente os tixolos da cheminea, as pedras da adega, algúns restos minerais e metálicos, e a boca daquel nefando pozo. A excepción do cabalo de Ammi, que enterraron aquela mesma mañá, e da carruaxe, que non tardaron en devolver ao seu dono, todas as cousas que tiveran vida desapareceran. Só quedaban cinco acres de deserto poeirento e agrisado, e desde entón non creceu naqueles terreos nin unha herba. Na actualidade parece como unha gran mancha comida polo ácido no

medio dos bosques e campos e os poucos que se atreveron a achegarse por alí a pesar das lendas campesiñas déronlle o nome de «baldío maldito».

As lendas campesiñas son moi estrañas e poderían ser mesmo máis estrañas se os homes da cidade e os químicos universitarios tivesen o interese suficiente para analizar a auga daquel pozo esquecido, ou o po gris que ningún vento parece dispersar. Os botánicos poderían estudar tamén a sorprendente flora que medra nos límites daqueles terreos, xa que deste xeito poderían confirmar ou refutar o que di a xente: que a zona empezoñada está a se estender aos poucos, quizais un par de centímetros ao ano... A xente di que a cor da herba que medra naqueles arredores non é o que lle corresponde e que os animais salvaxes deixan estrañas pegadas na neve cando chega o inverno. A neve non parece callar tanto no baldío maldito como noutros lugares. Os cabalos —os poucos que quedan nesta época motorizada— póñense nerviosos no silencioso val e os cazadores non poden achegarse cos seus cans ás inmediacións do baldío maldito.

Din tamén que as influencias mentais son moi malas, e que todos os que trataron de establecerse alí, estranxeiros na súa inmensa maioría, tiveron que marchar acosados por estrañas fantasías e soños. Ningún viaxeiro deixou de experimentar unha sensación de estrañeza naqueles profundos vales, e os artistas tremen mentres pintan uns bosques cuxo misterio é tanto da mente como da vista. E eu mesmo estou sorprendido da sensación que me produciu o meu único paseo solitario por aqueles lugares antes de que Ammi me contase a súa historia.

Non me pregunten a miña opinión. Non sei: isto é todo. A única persoa que podía ser interrogada sobre os días estraños é Ammi, xa que

a xente de Arkham non quere falar deste asunto, e os tres profesores que viron o meteorito e o seu coloreado glóbulo están mortos. Había outros glóbulos? Probabelmente. Un deles conseguiu alimentarse e fuxir, en tanto que outro non puidera alimentarse dabondo e continuaba no pozo... Os campesiños din que a zona empezoñada medra un par de centímetros cada ano, de modo que talvez existe algún tipo de crecemento ou de alimentación mesmo agora. Pero, sexa o que sexa o que haxa alí, ten que verse trabado por algo, xa que de non ser así estenderíase rapidamente. Está atado ás raíces daquelas árbores que rabuñan o ar?

O que é, só Deus o sabe. En termos de materia, supoño que a cousa que Ammi describiu pode ser chamada un gas, pero aquel gas obedecía a unhas leis que non son do noso cosmos. Non era froito dos planetas e soles que brillan nos telescopios e nas placas fotográficas dos nosos observatorios. Non era ningún sopro dos ceos cuxos movementos e dimensións miden os nosos astrónomos ou consideran demasiado vastos para ser medidos. Non era máis que unha cor xurdida do espazo..., un pavoroso mensaxeiro duns reinos do infinito situados máis aló da Natureza que nós coñecemos; duns reinos cuxa simple existencia aparva o cerebro coas inmensas posibilidades extracósmicas que ofrece á nosa imaxinación.

Dubido moito de que Ammi me mentise dun xeito consciente e non creo que a súa historia sexa o relato dunha mente exasperada, como supón a xente da cidade. Algo terríbe chegou aos outeiros e vales con aquel meteoro, e algo terríbel, aínda que ignoro en que medida, segue estando alí. Alégrame pensar que todos aqueles terreos quedarán alagados polas augas. Namentres, espero que non lle suceda nada a Ammi. Viu tanto da cousa..., e a súa influencia era tan insidiosa... Por

que non foi capaz de marchar a vivir a outra parte? Ammi é un ancián moi simpático e moi boa persoa, e cando a brigada de traballadores comece a súa angueira teño que escribir ao enxeñeiro xefe para que non o perda de vista. Desgustaríame lembralo como unha gris, retorta e quebradiza monstruosidade das que turban cada día máis o meu soño.



O DESCENDENTE

[*The Descendant* escribiuse en 1927 e publicouse por primeira vez no xornal *Leaves*, en 1938, pouco despois da morte do autor.]

Ao escribir o que o doutor me di no meu leito de morte, o meu medo máis arrepiante é que o home estea equivocado. Supoño que me enterrarán a semana que vén. Porén...

En Londres hai un home que berra cando tanxen as campás da igrexa. Vive só co seu gato de raias en Gray's Inn e a xente considérao un tolo inofensivo. O seu cuarto está ateigado de libros puerís e sen interese, e hora tras hora trata de abstraerse nas súas páxinas. Todo o que quere nesta vida é non pensar. Por algunha razón, pensar resúltalle espantoso e foxe como da peste de canto poida excitar a súa imaxinación. É moi fraco e gris, e está cheo de engurras, pero hai quen afirma que non é tan vello como aparenta. O medo cravou nel as súas gadoupas espantosas e o menor ruído fai que se sobresalte cos ollos moi abertos e a fronte perlada de suor. Os amigos e compañeiros evítano porque non quere contestar as súas preguntas. Os que o coñeceron noutro tempo como erudito e esteta din que dá mágoa velo agora.

Deixou de andar con eles hai anos e ninguén sabe con seguridade se abandonou o país ou simplemente desapareceu nalgún canellón escuro. Hai xa unha década que se instalou en Gray's Inn e non quixo dicir de onde viñera, até a noite en que o mozo Williams mercou o *Necronomicon*.

Williams era un soñador e só tiña vinte e tres anos. Cando se mudou á casa antiga, percibiu no home engurrado e gris do cuarto veciño algo estraño, un sopro de vento cósmico. Obrigouno a admitir a súa amizade cando os vellos amigos non se atreveron a lle impor a súa, e marabillouse ante o espanto que dominaba a aquel home lúgubre e murcho que observaba e escoitaba. Porque ninguén podía dubidar que andase sempre vixiando e escoitando.

Vixiaba e escoitaba coa mente máis que coa vista e o ouvido, e loitaba cada pouco por afogar algunha cousa na súa incesante lectura de alegres e insípidas novelas. E cando as campás da igrexa empezaban a tanxer, tapaba os ouvidos e gritaba, e o gato gris que vivía con el miañaba ao unísono, até que se apagaba reverberando o último tanxido.

Pero por moito que Williams o tentaba, non conseguía que o seu veciño lle falase de nada profundo ou oculto. O ancián non vivía de acordo co seu aspecto e a súa conduta, senón que finxía un sorriso e un ton livián, e parolaba febril e frenético sobre alegres trivialidades. A súa voz elevábase cada pouco até que acababa nun falsete afrautado e incoherente. As súas intrascendentes observacións amosaban con claridade que os seus coñecementos eran profundos e serios. A Williams non lle sorprendeu ouvílo contar que estivera en Harrow e en Oxford. Máis tarde descubriu que era nada menos que lord Northam, de cuxo antigo castelo hereditario na costa de Yorkshire tantas historias estrañas se contaban. Pero cando Williams quixo facelo falar do seu

castelo e da súa suposta orixe romana, el negou que houbera nada fóra do normal nel. Mesmo deixou escapar unha risiña frouxa cando saíu o tema dun suposto segundo nivel de criptas cavadas na rocha viva do precipicio que mira ao Mar do Norte.

Así andaban as cousas, até a noite en que Williams volveu á casa co *Necronomicon*, do árabe tolo Abdul Alhazred. Coñecía a existencia deste libro desde os dezaseis anos, cando a súa incipiente paixón polo insólito o levara a facerlle estrañas preguntas a un vello e corcovado libreiro de Chandos Street. Sempre se preguntou por que os homes palidecían cada vez que falaban do libro. O vello libreiro contáralle que só se sabía que sobrevivisen cinco exemplares aos decretos dos sacerdotes e lexisladores, e que todos eles estaban gardados baixo chave, con medorento coidado, por parte dos conservadores que se atreveron a iniciar a lectura dos seus odiosos e negros caracteres. Pero agora, á fin, non só descubrira un exemplar accesíbel, senón que o fixera seu por un prezo de risa. Atopáralo na tenda dun xudeu no barrio mísero de Clare Market, onde adoitaba comprar cousas estrañas e case lle pareceu que o vello sorría por baixo da súa barba enguedellada no momento do seu gran descubrimento. A voluminosa cuberta de pel con peche de latón era ben visíbel e o seu prezo absurdamente baixo.

Unha simple mirada ao seu título abondou para sumilo no delirio e algúns dos diagramas insertos no texto redactado nun latín vago despertaron os recordos máis tensos e inquietantes no seu cerebro. Compreendeu que era absolutamente necesario levar á casa o pesado volume e empezar a descifralo, e saíu da librería con tanta precipitación, que o vello xudeu deixou escapar unha turbadora risiña ao velo saír. Pero unha vez no seu cuarto, descubriu que a letra denegrada e o estilo degradado eran demasiado para os seus coñecementos lingüísticos, así

que foi ver, non moi convencido, o estrañamente asustado amigo para pedirlle axuda naquel latín deformado e medieval. Atopou a lord Northam dicíndolle parvadas ao seu gato de raias, e ao entrar o mozo sobresaltouse. Arreguizouse son violencia ao ver o libro e esvaeceuse cando Williams lle leu o título. Ao recuperar o coñecemento, contoulle a súa historia. Faloulle da súa fantástica tolemia con murmurios frenéticos, para que o seu amigo non tardase en queimar o libro e espaxear as súas cinzas.

Sen dúbida houbo algún erro ao principio, murmurou lord Northam, pero nada ocorrería se el non fose tan lonxe nas súas exploracións. Era o décimo noveno barón dunha estirpe cuxos principios se remontaban de forma inquietante ao pasado, a un pasado incrivelmente afastado, se había que facer caso á vaga tradición, xa que certas historias familiares situaban as súas orixes nos tempos anteriores aos saxóns, en que certo Luneus Gabinius Capito, tribuno militar da Terceira Lexión Augusta, entón acantonada en Lindus, na Britania romana, fora deposto sumariamente do seu mando por participar en determinados ritos que non gardaban relación con ningunha das relixións coñecidas. Gabinius, dicían os rumores, acudira á caverna do cantil onde se reunían xentes estrañas e facían o Signo Antigo polas noites. Xentes estrañas a quen os britanos non coñecían nin miraban máis que con temor, sobreviventes dun gran país de Occidente que se afundira, deixando só as illas cos seus megálitos e os seus círculos e santuarios, dos que o máis grande era Stonehenge. Non se sabía canto había de certo, naturalmente, na lenda que atribuíu a Gabinius a construción dunha fortaleza inexpugnábel sobre unha cova prohibida e a fundación dunha estirpe que nin pictos, nin saxóns, nin daneses, nin normandos foron quen de exterminar; ou na tácita suposición de que da

devandita estirpe naceu o intrépido compañeiro e lugartenente do Príncipe Negro, a quen Eduardo III deu o título de barón de Northam. Non se tiña certeza sobre estas cousas. Así e todo, falábase delas a miúdo e en verdade, a torre da homenaxe de Northam parecíase de maneira alarmante ao muro de Hadriano. De pequeno, lord Northam tivera estraños soños cada vez que durmía nas partes máis antigas do castelo, e adquirira o hábito de contemplar retrospectivamente, a través da súa memoria, escenarios neboentos e pautas e impresións alleas por completo ás súas experiencias da vixilia. Converteuse nun soñador a quen a vida resultaba insulsa e pouco satisfactoria, nun explorador de estrañas rexións e relacións noutro tempo familiares, pero que non se atopaban en ningunha das rexións visíbeis da Terra.

Dominado pola impresión de que o noso mundo tanxíbel é só un átomo dun tecido inmenso e sinistro, e que descoñecidas potencias premen e penetran a esfera do coñecido en cada punto, Northam, durante a súa mocidade e na primeira etapa da súa madurez, apurou, unha tras outra, as fontes da relixión formal e o misterio do oculto. En ningures, con todo, puido atopar satisfacción e contento. Ao comezar a avellentar, os achaques e as limitacións da vida fóronse volvendo cada vez máis enlouquecedores para el.

Durante os anos noventa interesouse polo satanismo e sempre devorou con ansia calquera doutrina ou teoría que parecese prometerlle a fuxida das pechadas perspectivas da ciencia e das leis invariábeis da Natureza. Devoraba con entusiasmo libros como o relato quimérico de Ignatius Donnelly sobre a Atlántida e unha ducia de escuros precursores de Charles Fort namorárono coas súas extravagancias. Percorreu leguas para seguir a pista dun relato sobre un pobo furtivo de anormais prodixiosos e unha das veces foi ao deserto de Arabia en

busca da Cidade Sen Nome, da que ouvira falar vagamente e que ningún home contemplara. Alí sentiu nacer no seu interior a fe tentadora de que existía un acceso doado a devandita cidade e de que se un o atopaba, abriríanselle libremente as profundidades exteriores cuxos ecos vibraban tan escuramente no fondo da súa memoria.

Poida que estivese no mundo visíbel ou quizais estaba só na súa mente e na súa alma. Talvez gardaba el, dentro do seu cerebro, aquel vínculo misterioso que o espertaría ás vidas anteriores e futuras de esquecidas dimensións, que o uniría aos astros e ás infinidades e eternidades que se atopan máis aló de todos eles.



A XENTE MOI ANTIGA

[*The Very Old Folk* escribiuse en novembro de 1927 en forma de carta dirixida a Donald Wandrei e foi publicada pola primeira vez na revista *Scienti-snaps*, no verán de 1940, logo da morte de Lovecraft.]

Providence, 2 de novembro de 1927

Querido Melmoth:

Así que estás terriblemente ocupado tratando de descubrir o escuro pasado daquel insoportábel mozo asiático chamado Varius Avitus Bassianus? Bah! Hai poucas persoas que aborreceza máis que a esa maldita rata siria! Eu mesmo fun transportado hai pouco aos negros tempos romanos por mor da miña recente lectura da *Eneida*, de James Rhoades, nunha tradución que non lera nunca, máis fiel para P. Maro que calquera outra versión, incluíndo a do meu tío, o doutor Clark, que aínda non foi publicada.

Esta diversión virxiliana, unida aos espectrais incidentes e acontecementos da festa de Defuntos coas súas cerimoniais de bruxas nos outeiros, provocáronme a noite do luns pasado un soño moi vívido e claro que se desenvolvía en tempos dos romanos, con tales connotacións terroríficas que estou seguro de que algún día o hei escribir en papel. Os soños sobre os romanos non eran infrecuentes durante a miña infancia, pois polo xeral seguía o divino Xulio arrasando

as Galias, convertido nun *Tribunus Militum*, pero había tanto tempo que non tiña un, que este me impresionou moito.

Atardecía nun solpor avermellado na cidade provinciana de Pompelo, aos pés dos Pireneos, na Hispania Citerior. O ano era un dos do final da República, xa que a provincia aínda estaba gobernada por un procónsul senatorial no canto do legado de Augusto, e o día era o primeiro de novembro. Os outeiros erguíanse avermellados e dourados ao norte da pequena cidade e o sol lucía oblicuo sobre as pedras recentemente colocadas dos edificios enormes do foro e as paredes de madeira do circo, cara ao leste. Grupos de cidadáns, colonos de Roma e nativos romanizados de negros cabelos, xunto con xentes mestizas polas unións entre elas, vestidas con suaves túnicas, e lexionarios armados e homes de negras barbas chegados das próximas tribos dos vascóns, camiñaban polas rúas e o foro cunha especie de pasividade vaga e indefinida. Eu mesmo acababa de baixar dunha liteira que os portadores ilirios trouxeran, a través de Iberia, desde Calagurris.

Creo que eu era un cuestor provincial chamado L. Caelius Rufus, e que fora chamado polo procónsul, P. Scribonius Libo, cohorte da XII lexión, baixo a tribuna militar de Sex. Asellius. O legado de toda a rexión, Cr. Balbutius, tamén viñera desde Calagurris, onde se achaba permanentemente.

A causa da reunión era un horror que roldaba nos outeiros. Os cidadáns estaban aterrorizados, e solicitaran a presenza dunha cohorte de Calagurris. Estabamos na terríbel estación do outono, e a xente salvaxe das montañas preparábase para as aterredoras cerimoniais das que só chegaban rumores á cidade. Eles eran a antiga raza que habitaba no máis alto dos outeiros e que falaban unha cortante linguaxe que os vascóns non podían entender. De cando en cando se deixaban ver, pero

algunhas veces ao ano enviaban mensaxeiros de ollos pequenos e amarelados (que parecían escitas) para traficar cos mercadores por medio de acenos. Todos os outonos e primaveras realizaban os seus ritos ancestrais nos picos das montañas e cos seus berros e fogueiras aterrorizaban os cidadáns das vilas. Sempre era igual: a noite anterior ao comezo de maio e a noite anterior ao comezo de novembro. Moita xente podía desaparecer antes desas datas para non ser vista nunca máis. E había certos rumores que falaban de que os pastores e agricultores nativos non estaban mal dispostos con aquela antiga raza, e que máis dunha cabana de campesiños estaba baleira aquelas noites sabáticas.

Aquel ano o horror foi grande, pois a xente sabía que as miras da antiga raza apuntaban a Pompelo. Tres meses antes, cinco daqueles homes de mirada furtiva chegaran dos outeiros, e tres deles foran asasinados no mercado. Os dous restantes volveran aos seus outeiros sen dicir unha palabra e aquel outono nin un só aldeán desaparecera. Non era lóxico. Non era corrente que a xente moi vella perdoase as súas vítimas para o Sabbath. Era demasiado bo para ser normal e os habitantes estaban asustados.

Durante moitas noites houbo bater de tambores nos outeiros e finalmente o edil Tib. Annaeus Stilpo (de sangue nativo) chamara unha cohorte de Balbutius, en Calagurris, para acabar co Sabbath daquela noite arrepiante.

Balbutius rexeitara de plano os temores dos cidadáns e aseguraba que os terríbeis ritos da xente dos outeiros non tiñan nada que ver cos cidadáns romanos. Eu, con todo, que debía ser un amigo próximo de Balbutius, estaba en desacordo con el. Argumentei que estudara detidamente a negra e prohibida ciencia, e que cría que a antiga xente sería capaz de lanzar algunha maldición impronunciábel sobre a cidade,

que ante todo era un asentamento romano e acubillaba gran cantidade de cidadáns nosos. A comprensiva nai do edil, Helvia, era romana pura, filla de M Helvius Cinna, que chegara coa armada de Escipión. Daquela enviei un escravo, un pequeno grego chamado Antípater, ao procónsul cunha serie de cartas; e Escribonius atendeu os meus rogos e ordenou a Balbutius que enviase a quinta cohorte, baixo o mando de Asellius, a Pompelo; aconsellando que percorrese os outeiros a primeira noite de novembro e collese todos os prisioneiros que interviñesen nesas orxías sen nome, traéndoo a Tarraco. Balbutius, con todo, protestara, polo cal houbo máis intercambio de correspondencia.

Eu escribira tantas veces ao procónsul que este chegou a interesarse profundamente polo tema, e decidiu intervir persoalmente no asunto.

Finalmente dirixiuse a Pompelo co seu conselleiro e asistentes persoais. Alí escoitou os suficientes rumores como para preocuparse e decidiu acabar con aqueles ritos. Desexoso de ser acompañado por alguén que estudase o tema, ordenoume que acompañase a cohorte de Asellius. Balbutius tamén veu connosco para insistir nas súas crenzas, pois el pensaba sinceramente que as accións militares drásticas poderían desenvolver un resentimento perigoso contra os vascóns. Desta forma estabamos no místico crepúsculo dos outeiros outonais: o vello Escribonius Libo coa súa toga de mando, os raios dourados reflectíndose na súa cabeza calva e no seu rostro de falcón.

Balbutius co seu casco resplandecente, cos beizos contraídos nun aceno de oposición; o mozo Asellius coas súas maneiras graves e o seu aire de superioridade, e a curiosa mestura de xentes, lexionarios, aldeáns, paseantes, escravos e criados. Eu mesmo levaba unha simple toga, sen ningún distintivo especial.

E por todos os sitios facíase patente o horror. As xentes da cidade non se atrevían a falar en voz alta e os homes do cortexo de Libo, que levaban aquí unha semana, parecían adquirir algo desas tétricas maneiras. Incluso o vello Escribonius parecía moi serio e as fortes voces dos que chegamos despois soaban inapropiadas, como se estivésemos nun lugar de morte ou no templo dalgún deus mítico. Entramos no *praetorium* e entregámonos a unha grave conversa. Balbutius presentou as súas obxeccións, e foi apoiado por Asellius, que parecía ser moi contemplativo cos nativos á vez que cría inoportuno excitalos. Ambos os soldados mantiñan que era mellor afrontar os medos dos poucos nativos colonizados non facendo nada que levantase as iras dos moitos poboadores e aldeáns dos outeiros acabando cos seus ritos ancestrais. Eu, en cambio, mantiña que debíamos entrar en acción, e ofrecínme voluntario para unha posíbel expedición.

Apuntei que os salvaxes vascóns eran como pouco turbulentos e incertos, de maneira que un encontro armado con eles era inevitábel máis pronto ou máis tarde, fosen cales fosen os coidados que puxésemos, que no pasado non demostraran ser serios adversarios ás lexións romanas e que podería ser perigoso que os mandos da Roma imperial non tomasen medidas para protexer os seus cidadáns. Tamén dixen que o éxito da administración dunha provincia dependía en primeiro lugar da seguridade dos elementos civilizados en cuxas mans descansaban os resortes do comercio e a prosperidade e por cuxas veas circulaba o sangue do pobo romano. Estes elementos, aínda que eran minoría, daban estabilidade ao conxunto e a súa cooperación mantiña firme o poder na provincia do Imperio, do Senado e a xente de Roma. Era materia primordial protexer os cidadáns romanos, mesmo (e aquí lancei unha mirada sarcástica a Balbutius e Aselius) aínda que fose

necesario algo de actividade e que se interrompesen as festas e banquetes no campamento de Calagurris.

De acordo cos meus estudos, non tiña ningunha dúbida de que o perigo sobre a cidade e habitantes de Pompelo era algo real. Lera moitos manuscritos sirios, exipcios e das crípticas cidades de Etruria, e falara frecuentemente cos sacerdotes de Diana Aricina no seu templo nos bosques que bordean o lago Nemoensis. Había certas maldicións arrepiantes que podían ser invocadas nos outeiros a noite do Sabbath, maldicións que non debían existir dentro dos límites da nación romana e non era mester permitir a realización de orxías que xa foran condenadas por A. Postumius que, cando era cónsul, executara moitos cidadáns romanos pola práctica de bacanais. Estes acontecementos foron recollidos polo senador consular, que mandou esculpilos en bronce e mostralos ás xentes.

Ademais, antes de que o poder das invocacións puidesen traer algo material, o ferro do pilum romano podería acabar con eles. Esta festividade non podía significar moito para a forza dunha simple cohorte. Só se necesitaría deter os participantes e a liberación dos simples espectadores reduciría o resentimento que puidesen adquirir os simpatizantes dos ritos da xente moi vella. Resumindo, os principios políticos requirían accións drásticas e eu non albergaba ningunha dúbida de que Publius Escibonius, co seu sentimento de dignidade e as súas obrigas para coas xentes romanas, ordenaría avanzar a cohorte, e a min con ela, a pesar das obxeccións de Balbutius e Asellius; que, en verdade, falaban máis como provincianos que como cidadáns romanos.

O sol achábase moi baixo agora, e toda a cidade parecía sumida nun alustro irreal e maligno. Entón o procónsul P. Escibonius dixo que estaba de acordo cos meus consellos e emprazoume nunha das cohortes

co rango provisional de centurio primipilus. Balbutius e Asellius accederon, o primeiro con mellor ánimo que o segundo.

Mentres o crepúsculo caía sobre os precipicios outonais, un estraño e horríbel bater de tambores difundíuse na distancia con monótono ritmo. Algúns dos lexionarios arreguízáronse, pero as fortes voces de mando fixéronos pórse firmes. E axiña toda a cohorte foi conducida cara ao leste desde o circo. Libo, do mesmo xeito que Balbutius, insistiu en acompañar a cohorte, pero tivemos gran dificultade para atopar un nativo que nos mostrase as escabrosas sendas das montañas. Por fin, un mozo chamado Varcellius, fillo de romanos de sangue puro, accedeu a levarnos ao comezo dos outeiros. Comezamos a camiñar baixo a escuridade crecente, cos raios dunha prateada lúa lucindo sobre os bosques que se estendían á nosa esquerda.

O que máis nos inquietaba era o feito de que o Sabbath fose celebrado de calquera maneira. As novas de que unha cohorte se achaba en camiño deberían chegar aos outeiros, mesmo aínda que a decisión fose outra que a tomada, o rumor debería ser igual de alarmante. Así e todo, os horríbeis tambores continuaban batendo, como se os participantes tivesen algunha razón peculiar para mostrarse totalmente indiferentes marchasen ou non contra eles as lexións romanas.

O son creceu en intensidade segundo penetrabamos nas primeiras costas dos outeiros, con tupidos bosques rodeándonos por todos os sitios, cuxos troncos adoptaban fantasmagóricas formas á luz dos nosos fachos. Todos ían a pé agás Libo, Balbutius, Asellius, dous ou tres centurións e eu mesmo, e aos poucos o camiño foise facendo tan abrupto e estreito que aqueles que tiñamos cabalos vímonos forzados a deixalos. Deixamos unha garda de dez homes para gardalos, aínda que as bandas de ladróns dificilmente se atreverían a actuar en semellante

noite de horror. Despois de media hora de marcha, escalando por cristas e rochas, o avance chegou a facerse moi dificultoso para unha forza tan grande de homes (uns trescentos) que se vían obrigados continuamente a atravesar dificultades rochosas.

E entón, cunha claridade terríbel, escoitamos un son que proviña de abaixo. Chegaba do lugar onde deixáramos aos cabalos. Berraban, non rinchaban. Berraban e non se vía ningunha luz, non se ouvía o son de voces humanas que puidesen indicar o que estaba a acontecer. No mesmo momento, centos de lumes acendéronse nos picos que estaban sobre as nosas cabezas, de tal maneira que o horror parecía virnos tanto de arriba como de abaixo. Diriximos a vista cara ao noso novo guía Varcellius e só puidemos contemplar unha cabeza cortada en metade dun charco de sangue. Na súa man lucía unha espada curta que collera do cinto de D. Vinulanus, un subcenturio, e o seu rostro mostraba tal expresión de horror que mesmo os máis rexsos veteranos se puxeron pálidos ao velo. Matárase a si mesmo ao escoitar os berros dos cabalos. El, que nacera e vivira toda a súa vida na rexión, coñecía que clase de homes roldaban polos outeiros.

Os fachos empezaron a apagarse e os berros dos espantados lexionarios mesturáronse cos dos cabalos. O ar tornouse perceptiblemente máis frío, máis do normal para os primeiros días de novembro e parecía bater con terríbeis vibracións que eu non me atrevía a relacionar co zoar dos tambores. Toda a cohorte permaneceu quieta e cando os fachos terminaron de apagarse, contemplei unhas sombras fantásticas que se debuxaban no ceo sobre a luminosidade da Vía Láctea, como se proviñesen de Perseo, Casiopea, Cefeo ou o Cisne.

De súpeto, todas as estrelas se esvaeceron do ceo, mesmo as brillantes Vega e Deneb, así como a solitaria Altair e Fomalhaut. Os

fachos apagáronse completamente, todos á vez, e sobre a cohorte estarecida e ouveante, só quedou o desconcerto e a luminosidade dos terribes lumes que ardían nos cumios: un inferno vermello e a silueta das formas imposíbeis e colosais de bestas tan innomeábeis que nin os sacerdotes frixios nin os feiticeiros se atreverían a murmurar nas súas máis aloucadadas historias.

E por encima do clamor dos berros de homes e cabalos o demoníaco bater dos tambores foi a máis, mentres que un vento salvaxe e xeado varría os cumios levando consigo o terror, sacudindo a cada home por separado até que a cohorte se dispersou gritando na escuridade, como se se enfrontasen aos designios de Laoconte e os seus fillos. Só o vello Escribonius parecía resignado. Pronunciou unhas quedas palabras que puiden escoitar claramente entre aquel clamor e aínda resoa o seu eco no meu cerebro. «*Malibia vetus; malihia vetus est? venit? tandem venit?*».

E entón espertei. Foi o soño máis vivido que tiven desde hai anos, superposto no meu subconsciente sobre lugares e cousas esquecidas. Non existe ningunha crónica do destino daquela cohorte, pero a cidade, cando menos, foi salvada. As enciclopedias falan da existencia de Pompelo nos nosos días, cuxo nome español contemporáneo é Pamplona.

Sempre teu pola Supremacía Gótica:

G. Iulius Verus Maximinus.



HISTORIA DO NECRONOMICON

[*History of the Necronomicon* escribiuse en 1927 e publicouse en 1938, en formato folleto, logo da morte de Lovecraft.]

O título orixinal era *Al-Azif*. Azif era o termo utilizado polos árabes para designar o ruído nocturno que producen os insectos e que se supuña era o murmurio dos demos. Escrito por Abdul Al Hazred, un poeta tolo fuxido de Sanaa ao Iemen, na época dos califas omeias, contra o ano 700. Visita as ruínas de Babilonia e os subterráneos secretos de Menfis, e pasa dez anos na soidade do gran deserto que se estende ao sur de Arabia, o Roba o-Khaliyeh, ou «Espazo vital» dos antigos, e o Dahna, ou «Deserto Escarlata» dos árabes modernos. Dise que este deserto está habitado por espíritos malignos e monstros tenebrosos. Todos aqueles que aseguran penetrar nas súas rexións contan cousas estrañas e sobrenaturais. Durante os últimos anos da súa vida, Al Hazred viviu en Damasco, onde escribiu o *Necronomicon* (*Al-Azif*) e por onde circulan terribes e contraditorios rumores sobre a súa morte ou desaparición no 738. O seu biógrafo do século XII, Ibn-Khallikan, conta que foi asasinado por un monstro

invisíbel en pleno día e devorado horribelmente en presenza dun gran número de aterrorizadas testemuñas. Cóntanse, ademais, moitas cousas sobre a súa tolemia. Contaba que vira a famosa Ilrem, a Cidade dos Alicerces, e que atopara baixo as ruínas dunha cidade oculta no deserto os anais secretos dunha raza máis antiga que a humanidade. Non participaba da fe musulmá, adoraba a unhas descoñecidas entidades ás que chamaba Yog-Sothoth e Cthulhu.

No ano 950, *Al-Azif*, que circulara en segredo entre os filósofos da época, foi traducido en segredo ao grego por Theodorus Philetas de Constantinopla, baixo o título de *Necronomicon*. Durante un século, e debido á súa influencia, tiveron lugar certos feitos terríbeis, polo que o libro foi prohibido e queimado polo patriarca Miguel. Desde entón non temos máis que vagas referenzas do libro, pero en 1228, Olaus Wormius realiza unha tradución ao latín que foi impresa dúas veces, unha no século XV, en letras negras (con toda seguridade en Alemaña), e outra no século XVII (probabelmente en España). Ningunha das dúas edicións leva ningún tipo de aclaración, de tal forma que é só pola súa tipografía que se supón a data e o lugar de impresión. A obra, tanto na súa versión grega como na latina, foi prohibida polo Papa Gregorio IX, no 1232, pouco despois de que a súa tradución ao latín fose un poderoso foco de atención. A edición árabe orixinal perdeuse nos tempos de Wormius, tal e como se dixo no prefacio (hai vagas alusións sobre a existencia dunha copia secreta atopada en San Francisco a principios de século, pero que desapareceu no grande incendio). Non hai ningún rastro da versión grega, impresa en Italia, entre o 1500 e o 1550, despois do incendio que tivo lugar na biblioteca de certo personaxe de Salem, en 1692. Igualmente, existía unha tradución do doutor Dee, xamais impresa, baseada no manuscrito orixinal. Os textos latinos que aínda

subsisten, un (do século XV) está gardado no Museo Británico e o outro (do século XV) áchase na Biblioteca Nacional de París. Unha edición do século XVII atópase na Biblioteca de Wiedener de Harvard e outra na biblioteca da Universidade de Miskatonic, en Arkham, mentres que hai unha máis na biblioteca da Universidade de Bos Aires. Probabelmente existían máis copias secretas e contábase con frecuencia que unha copia do século XV foi parar á colección dun coñecido millonario norteamericano. Existe outro rumor que asegura que unha copia do texto grego do século XVI é propiedade da familia Pickman de Salem, pero é case seguro que esta copia desaparecese, ao mesmo tempo que o artista R.U. Pickman, en 1926. A obra está severamente prohibida polas autoridades e por todas as organizacións legais inglesas. A súa lectura pode traer consecuencias nefastas. Crese que R.W. Chambers baseouse neste libro para a súa obra *O rei de amarelo*.

CRONOLOXÍA

- *Al-Azif* escríbese en Damasco no 730, por Abdul Al-Hazred.
- Tradución ao grego co título de *Necronomicon*, a cargo de Theodorus Philetas, no 950.
- O patriarca Miguel prohíbeo no 1050 (o texto grego). O árabe perdeuse.
- En 1228, Olaus traduce o texto grego ao latín.
- As edicións latina e grega son destruídas por Gregorio IX en 1232.
- En 14... (?) aparece unha edición en letras góticas en Alemaña.
- En 15... (?) o texto grego é impreso en Italia.
- En 16... (?) aparece a tradución ao castelán do texto latino.



O CREGO MALVADO

[*The Evil Clergyman* escribiuse en 1933 como parte dunha carta dirixida a Bernard Austin Dwyer e foi publicada postumamente no número de abril de 1939 da revista *Weird Tales*.]

Un home grave que parecía intelixente, con roupa discreta e barba gris, fíxome pasar ao cuarto do ático e faloume nestes termos:

—Si, aquí viviu el..., pero aconséllolle que non toque nada. A súa curiosidade vólveo irresponsábel. Nós xamais subimos aquí de noite e se o conservamos todo tal cal está é só polo seu testamento. Xa sabe o que fixo. Esa abominábel sociedade fíxose cargo de todo ao final e non sabemos onde está enterrado. Nin a lei nin nada lograron chegar até esa sociedade.

»Espero que non quede aquí até o solpor. Rógolle que non toque o que hai na mesa, iso que parece unha caixa de mistos. Non sabemos que é, pero sospeitamos que ten que ver co que fixo. Mesmo evitamos miralo demasiado fixamente.

Pouco despois, o home deixoume só no cuarto do ático. Estaba moi sucio, poeirento e primitivamente amoblado, pero tiña unha elegancia que indicaba que non era o cortello dun plebeo. Había andeis inzados de libros clásicos e de teoloxía, e outra librería con tratados de maxia: de Paracelso, Alberto Magno, Tritemius, Hermes Trismexisto, Borellus e demais, en estraños caracteres cuxos títulos non fun capaz de descifrar. Os mobles eran moi sinxelos. Había unha porta, pero daba acceso só a un armario encaixado. A única saída era a abertura do chan, até a que chegaba a escaleira basta e empinada. As xanelas eran de ollo de boi e as trabes de negro carballo revelaban unha incrível antigüidade. Evidentemente, esta casa pertencía á vella Europa. Parecíame saber onde me atopaba, aínda que non podo lembrar o que entón sabía. Abofé, a cidade non era Londres. A miña impresión é que se trataba dun pequeno porto de mar.

O obxecto da mesa fascinoume por completo. Creo que sabía manexalo, porque saquei do peto unha lanterna eléctrica ou algo que parecía unha lanterna e comprobei nervioso os seus escintileos. A luz non era branca, senón violeta, e o feixe que proxectaba era menos un raio de luz que unha especie de bombardeo radioactivo. Recordo que eu non a consideraba unha lanterna corrente: en efecto, levaba unha normal no outro peto.

Estaba a escurecer e os antigos tellados e chemineas, fóra, parecían moi estraños tras os cristais das xanelas de ollo de boi. Finalmente, facendo provisión de valor, apoiei no meu libro o pequeno obxecto da mesa e enfoquei cara a el os raios da peculiar luz violeta. A luz pareceu asemellarse aínda máis a unha chuvia ou saraiba de minúsculas partículas que a un feixe continuo de luz. Ao chocar estas partículas coa vítrea superficie do estraño obxecto pareceron producir unha

crepitación, como un tubo baleiro ao ser atravesado por unha chuvia de faíscas. A superficie escura adquiriu unha incandescencia avermellada e unha forma vaga e esbrancuxada pareceu tomar forma no seu centro. Entón decateme de que non estaba só no cuarto e gardei o proxector de raios no peto.

Pero o acabado de chegar non falou nin ouvín ningún ruído durante os momentos que seguiron. Todo era unha vaga pantomima como vista desde unha distancia inmensa, a través dunha brétema... Aínda que, por outra banda, o acabado de chegar e todos os que foron vindo a continuación parecían grandes e próximos, como se estivesen á vez lonxe e preto, obedecendo a algunha xeometría anormal.

O acabado de chegar era un home fraco e moreno, de estatura media, vestido cun traxe clerical da igrexa anglicana. Aparentaba uns trinta anos e tiña a pel escura, olivácea, e un rostro agradábel, pero a súa fronte era anormalmente alta. O seu cabelo negro estaba ben cortado e pulcramente peiteado e a súa barba aquelada, aínda que lle azuleaba o queixo debido a que lle estaba medrando. Usaba lentes sen montura, con aros de aceiro. A súa figura e as faccións da metade inferior da cara eran como as dos cregos que eu vira, pero a súa fronte era asombrosamente alta e tiña unha expresión máis basta e intelixente, á vez que máis sutil e secretamente perversa. Nese momento, acababa de acender unha lámpada de aceite, parecía nervioso. Antes de que eu me decatase empezara a botar os libros de maxia a unha cheminea que había xunto a unha xanela da habitación (onde a parede se inclinaba pronunciadamente), na que non reparara eu até entón. As chamas consumían os volumes con avidez, saltando en estrañas cores e despedindo un cheiro incrivelmente noxento mentres as páxinas de misteriosos xeroglíficos e as roídas encadernacións eran devoradas polo

elemento devastador. De súpeto, observei que había outras persoas na estancia: homes con aspecto grave, vestidos de crego, entre os que había un que levaba gravata fina e calzas de bispo. Aínda que non conseguía ouvir nada, decateime de que estaban a comunicar unha decisión de enorme transcendencia ao primeiro dos chegados. Parecía que o odiaban e temían ao mesmo tempo, e que tales sentimentos eran recíprocos. O seu rostro mantiña unha expresión severa, pero observei que, ao tratar de agarrar o respaldo dunha cadeira, tremíalle a man dereita. O bispo sinaloulle o andel baleiro e a cheminea (onde as chamas se apagaron no medio dunha morea de residuos carbonizados e informes), preso ao parecer de especial desgusto. O primeiro dos chegados esbozou entón un sorriso forzado e estendeu a man esquerda cara ao pequeno obxecto da mesa. Todos pareceron sobresaltarse. O cortexo de clérigos comezou a desfilar pola empinada escaleira, a través da trapela do chan, á vez que se volvían e facían xestos ameazadores ao desapareceren. O bispo foi o último en abandonar o lugar.

O que chegara primeiro foi a un armario do fondo e sacou un rolo de corda. Subiu a unha cadeira, atou un extremo a un gancho que colgaba da gran trabe central de negro carballo e empezou a facer un nó de corredío no outro extremo. Compreendendo que se ía a aforcar, corrín coa idea de disuadilo ou salvalo. Entón viume, suspendeu os preparativos e mirou cunha especie de triunfo que me desconcertou e me encheu de inquietude. Descendeu lentamente da cadeira e empezou a avanzar cara a min cun sorriso de lobo no seu rostro escuro de delgados beizos.

Sentín que me atopaba nun perigo mortal e saquei o estraño proxector de raios como arma de defensa. Non sei por que, pensaba que me sería de axuda. Enfoqueillo de cheo á cara e vin inflamarse as súas

faccións escuras, cunha luz violeta primeiro e logo rosada. A súa expresión de exultación lupina empezou a deixar paso a outra de profundo temor, aínda que non chegou a borrárselle por completo. Detívose en seco e movendo os brazos violentamente no ar, empezou a retroceder cambaleando. Vin que se achegaba á abertura do chan e berrei para previlo, pero non me ouviu. Un instante despois, tropezou cara a atrás, caeu pola abertura e desapareceu da miña vista.

Custoume avanzar até a trapela da escaleira, pero ao chegar descubrín que non había ningún corpo esmagado no piso de abaixo. No canto diso chegoume o rumor de xente que subía con lanternas. Rompeuse o momento de silencio fantasmal e outra vez ouvín ruídos e vin figuras normalmente tridimensionais. Era evidente que algo atraera a multitude a este lugar. Producírase algún ruído que eu non ouvira? A continuación, os dous homes (simples veciños da vila, ao parecer) que ían á cabeza víronme de lonxe e quedaron paralizados. Un deles gritou con forza:

—Ahhh! Así que es ti? Outra vez?

Entón deron media volta e fuxiron freneticamente. Todos menos un. Cando a multitude desapareceu, vin o home grave de barba gris que me trouxera a este lugar, de pé, só, cunha lanterna. Mirábame pampo, fascinado, pero non con temor. Logo empezou a subir a escaleira e reuniuse comigo no ático. Dixo:

—Así que non deixou iso en paz! Síntoo. Sei o que pasou. Xa ocorreu noutra ocasión, pero o home asustouse e pegouse un tiro. Non debía facelo volver. Vostede sabe que é o que el quere. Pero non debe asustarse como se asustou o outro. Sucedeulle algo moi estraño e terríbel, aínda que non até o extremo de danarlle a mente e a personalidade. Se conserva o sangue frío e acepta a necesidade de

efectuar certos reaxustes radicais na súa vida poderá seguir gozando da existencia e dos froitos do seu saber. Pero non pode vivir aquí e non creo que desexe regresar a Londres. O meu consello é que marche aos Estados Unidos.

»Non debe volver tocar ese... obxecto. Agora, xa nada pode ser como antes. Nin facer nin invocar. Calquera cousa non serviría máis que para empeorar a situación. Non saíu vostede tan mal parado como podería, pero ten que marchar de aquí decontado e instalarse noutra parte. Pode dar grazas ao ceo de que non fose máis grave.

»Explicareillo coa maior franqueza posíbel. Operouse certo cambio no... no seu aspecto persoal. É algo que el sempre provoca. Pero nun país novo vostede pode afacerse a ese cambio. Alí, no outro extremo do cuarto, hai un espello. Heillo traer. Vai sufrir unha forte impresión..., aínda que non será nada repulsivo.

Boteime a tremer, dominado por un medo mortal. O home barbado case tivo que sostermes mentres me acompañaba até o espello, cunha feble lámpada (é dicir, a que antes estaba sobre a mesa, non o farol, máis feble aínda, que el trouxera) na man. E o que vin no espello foi isto:

Un home fraco e moreno, de estatura media, e vestido cun traxe clerical da igrexa anglicana, duns trinta anos, e cuns lentes sen montura e aros de aceiro, cuxos cristais brillaban baixo a súa fronte escura, olivácea, anormalmente alta.

Era o individuo silencioso que chegara primeiro e queimara os libros.

Durante o resto da miña vida, fisicamente, eu ía ser ese home.



Título orixinal:

*In the Vault. Cool Air. Pickman's Model. The Color out of Space.
The Descendant. The Very Old Folk. History of the Necronomicon.
The Evil Clergyman.*

Licenza do texto orixinal:

Dominio Público

Licenza da tradución:

CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:

Tomás González Ahola

Revisión:

Urco Editora

Deseño de cuberta:

Denís Fernández Cabrera

Maquetación:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2013

1ª edición en ebook: 2020

Edita:

Urco Editora

R/do Avío II, baixo

15705, Compostela, Galiza
info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais
Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011, consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0 by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. *A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico*
2. *O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade*
3. *Nas montañas da loucura*
4. *A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade*
5. *A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo*
6. *Fungos de Yuggoth. Poemas impíos*
7. *Contos do Ciclo do Soño*
8. *A procura soñada de Kadath a Descoñecida*
9. *O terror sobrenatural na literatura*
10. *Alén do muro do soño e outros contos macabros*
11. *Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes*
12. *As ratas nas paredes e outras historias de medo*
13. *A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais*
14. *O caso de Charles Dexter Ward*
15. *De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica*



